CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2009

IUS SEMPER PRIMUM

CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
2009

IUS SEMPER PRIMUM

Depósito Legal:
C 1882-2010

Realización:
RELLA SL. Artes Gráficas

CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
DO ANO 2009

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2010

ÍNDICE

Páxinas

I- INTRODUCIÓN **11**

II- O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA **13**

1.- Composición a 31 de decembro de 2009 **15**
1.1.- Interrupción do mandato de conselleiros natos 16
1.2.- Nomeamento da secretaria xeral do Consello 16

2.- Normativa reguladora **16**

3.- Medios **17**
3.1.- Persoal 17
3.2.- Orzamento 2009 18

III- ACTIVIDADE CONSULTIVA **21**

1.- Datos estatísticos relativos aos ditames emitidos **23**
1.1.- Clasificación dos asuntos por órgano solicitante 23
1.2.- Clasificación dos ditames por materias 33
1.3.- Conclusión ou sentido final dos ditames 34
1.4.- Comunicación das resolucións 35
1.5.- Fórmula de incorporación dos ditames 35
1.6.- Consultas formuladas polo trámite de urxencia 36
1.7.- Ditames aprazados 36
1.8.- Relación de ditames (anexo, páxina 107) 36

2.- Sesións realizadas no ano 2009 **36**

IV- ACTIVIDADE NON CONSULTIVA **39**

1.- Publicación dos ditames **41**

2.- Páxina web **42**

3.- Xornadas e seminarios **42**
3.1.- Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais" 42
3.2.- Curso "A prestación de servizos sanitarios ante os retos do século XXI" 44
3.3.- Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia" 45

4.- Actos e actividades institucionais **46**

5.- *Practicum* da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela 49

6.- Memoria anual de actividades 50

V- TRECE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA (1996-2009) 51

1.- Datos estatísticos relativos aos expedientes ditaminados durante o período 1996 - 2009 53

1.1.- Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas 54

1.2.- Disposicións de carácter xeral. Regulamentos executivos 55

1.3.- Recursos de revisión 56

1.4.- Revisións de oficio 57

1.5.- Contratación administrativa 58

1.6.- Concesións administrativas 59

1.7.- Alteración de termos municipais / deslindes 60

1.8.- Responsabilidade patrimonial das administracións públicas 61

1.9.- Consultas facultativas 62

1.10.- Comparativa por Administracións 63

VI.- OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS 67

1.- Proxectos normativos 69

1.1.- Os novos criterios de actuación do Consello Consultivo de Galicia no caso de observancia de defectos na tramitación dos proxectos de decreto 69

1.2.- Pautas de técnica normativa 73

2.- Revisión de oficio de actos administrativos 82

2.1.- Revisión de oficio de concesión de axudas por mor dun erro informático que alterou a orde de priorización das solicitudes 82

2.2.- Revisión de oficio de actos administrativos ditados sen audiencia do interesado 86

3.- Contratación administrativa 88

3.1.- Competencia do Consello Consultivo de Galicia nos supostos de resolución de contratos administrativos 88

3.2.- Distinción entre contrato de servizos e contrato de xestión de servizos públicos 90

3.3.- Modificación dos contratos administrativos 92

4.- Responsabilidade patrimonial das Administracións públicas 95

4.1.- Danos derivados da demolición dunha vivenda trala anulación xudicial da licenza de edificación outorgada polo concello 95

4.2.- Responsabilidade patrimonial pola seca de pozos artesáns derivada da execución de obras públicas 98
4.3.- Outras cuestións relativas á responsabilidade patrimonial das Administracións públicas 99

5.- Distintas observacións verbo da proba no procedemento administrativo e as súas implicacións co dereito de defensa dos particulares 102

ANEXO 107

- I -
INTRODUCIÓN

A presente memoria, correspondente ao ano 2009, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia en sesión celebrada o dous de xuño de dous mil dez para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 11 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2009, no que se cumpren trece anos dende a súa creación, comprendendo tamén, por tal razón, un resume deste período. Así mesmo recolle as observacións e suxestións que se estima oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

- II -

O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Escaleira principal do Pazo de Amarante

1.- COMPOSICIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2009

- PLENO

Presidenta:

Dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros electivos:

Don José Gonzalo de la Huerga Fidalgo
Don José Luís Costa Pillado
Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Carlos Martínez-Buján Pérez

Conselleiros natos:

Don Gerardo Fernández Albor

Secretaria Xeral:

Dona Ana María López Guizán[1]

- SECCIÓNS

Sección Primeira

Presidenta:

Dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros:

Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Gonzalo de la Huerga Fidalgo
Don José Luís Costa Pillado

Secretaria:

Dona M.ª José Quintana Acebo

Sección Segunda

Presidente:

Don Carlos Martínez-Buján Pérez.

Conselleiros:

Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Gonzalo de la Huerga Fidalgo

[1] Nomeada secretaria xeral o 23 de xuño de 2009 (DOG núm. 126, do 30 de xuño)

Don José Luis Costa Pillado

Secretario:

Don Manuel Cutrín Domínguez

1.1.- Interrupción do mandato de conselleiros natos

O artigo 9.1, f) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, de creación do Consello Consultivo de Galicia, establece que a condición de conselleiro: *"será incompatible con (...) f): A de calquera cargo político ou administrativo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais"*; así mesmo, o artigo 4, bis da dita lei, no seu apartado 3, dispón que o mandato dos membros natos do Consello Consultivo de Galicia poderá interromperse a consecuencia do seu nomeamento para un cargo público declarado incompatible. Atendendo a esta previsión, o ex-presidente da Xunta, don Fernando González Laxe, que se incorporara ao Consello Consultivo como conselleiro nato o 1 de agosto de 2008, interrompeu o seu mandato por Resolución do 7 de maio de 2009, ao ser nomeado presidente do ente público Portos do Estado.

Recordemos que no ano 2007 incorporouse o ex-presidente da Xunta, don Gerardo Fernández Albor, tamén en calidade de conselleiro nato.

1.2.- Nomeamento da secretaria xeral do Consello

Por Resolución do 23 de xuño de 2009, acórdase o cesamento, por petición propia, de don Juan José Gallego Fouz como secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia, que foi publicado o 30 de xuño de 2009 no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 126.

O mesmo día 30 de xuño de 2009 foi publicada no Diario Oficial de Galicia, núm. 126, a Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que a Presidencia do Consello Consultivo, en uso das facultades que lle confire o artigo 21.3º da Lei 9/1995, do 10 de novembro, de creación deste Consello, e 32.1º do seu Regulamento de organización e funcionamento, e logo do acordo unánime do Pleno do Consello Consultivo do 23 de xuño, resolve nomear a dona Ana María López Guizán secretaria xeral do Consello Consultivo de Galicia, con todos os dereitos e obrigas propias do cargo.

2.- NORMATIVA REGULADORA

- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 229, do 20.11.1995); modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo (DOG núm.

153, do 08.08.2007), e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro (DOG núm. 253, do 31.12.2008).

- Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 120, do 23.06.2003).

- Resolución do 29 de decembro de 2009 pola que se fai público o acordo plenario polo que se establece o número, distribución de asuntos e composición das seccións deste organismo para o ano 2009.

3.- MEDIOS

3.1.- Persoal

Por Resolución do 11 de decembro de 2008 publicouse o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 4 de decembro de 2008, polo que se aprobou a modificación da relación de postos de traballo deste consello (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 247, do 22 de decembro).

De acordo co artigo 21 da Lei 9/1995, o Consello Consultivo de Galicia conta co seu propio corpo de letrados. O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, -segundo o artigo 23 da súa lei constitutiva-, son cubertas por persoal funcionario da Comunidade Autónoma.

Durante o 2009 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Letrados

Don Juan José Gallego Fouz
Don Constantino Alvarellos Galve
Don Abelardo Blanco Serrano
Don Pablo José López Paz
Dona Ana M.ª López Guizán
Dona M.ª José Quintana Acebo
Don Manuel Cutrín Domínguez
Don José Carlos López Corral

Persoal de Administración e Servizos

Servizo de Administración e Xestión

Don Juan Porrúa Pardal

Sección de Estudos e Comunicación

Dona Sonia Golmar Varela

Documentación e biblioteca

Dona María José Fábregas Valcarce

Servizos Administrativos

Don Manuel Novo López
Dona M.ª Dolores Tarrío Potel
Dona M.ª Dolores Matilde Fernández López
Dona M.ª del Carmen Paz Galván
Dona María Bargados Bargados
Dona Purificación Mauriz Montero
Dona M.ª del Carmen Betanzos Pérez
Don Francisco Javier Santos Pérez
Dona Carmen Sánchez Corral

3.2.- Orzamentos 2009

No seu conxunto o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2009 ascendeu á cantidade de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E SETE MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS (2.347.842,00 €), o que supuxo unha lixeira minoración respecto do exercicio anterior dun -1,40 %.

- Capítulo I.- Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social en UN MILLÓN SEISCENTOS SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA E SEIS EUROS (1.663.366,00 €).

- Capítulo II.- Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2009 ascende a CATROCENTOS DEZAOITO MIL CATROCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (418.476,00 €).

- Capítulo VI.- Investimentos reais.- Deste capítulo importe total para o ano 2009 sitúase en DOUSCENTOS SESENTA E SEIS MIL EUROS (266.000,00 €).

Capítulo I -Persoal:	**1.663.366,00 €**
Capítulo II - Gastos correntes:	**418.476,00 €**
Capítulo VI - Investimentos:	**266.000,00 €**
Totais:	**2.347.842,00 €**



- III -

ACTIVIDADE CONSULTIVA

1.- DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS DITAMES EMITIDOS

Durante o período xaneiro - decembro de 2009, solicitouse o parecer deste órgano en relación con 596 expedientes correspondentes ao referido ano, fronte ás 1702 solicitudes de ditames demandadas no ano 2008. Con respecto ao descenso do número de solicitudes, cómpre recordar a reforma operada na normativa reguladora do Consello Consultivo de Galicia a través da Lei 16/2008, do 23 de decembro (DOG núm. 253, do 31 de decembro), en virtude da cal se modificou o artigo 11, j) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, establecendo que o Consello será consultado preceptivamente no suposto de reclamacións de responsabilidade patrimonial de cuantía superior a 1.500 euros.

Con anterioridade a esta modificación, a Administración debía, en todo caso, someter ao Consello Consultivo os asuntos de responsabilidade patrimonial, con independencia da contía indemnizatoria solicitada polos particulares nas súas reclamacións, feito que supoñía que moitos dos expedientes dos que coñecía o CCG fosen reclamacións de responsabilidade patrimonial fronte ás administracións, nas que se reclamaban contías dinerarias insignificantes. En consecuencia, durante o ano 2009 tivo lugar un descenso significativo de solicitudes de ditames de expedientes de responsabilidade patrimonial con respecto aos anos anteriores, xustificado fundamentalmente pola medida adoptada en virtude da referida modificación.

1.1.- Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

- ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 506

Á hora de enumerar a relación dos 506 ditames solicitados pola Administración autonómica, cómpre distinguir os requiridos polos departamentos fixados de acordo coa estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto (DOG núm. 149, do 04.08.2005), e os que foron solicitados logo que por Decreto 79/2009, do 19 de abril (DOG núm. 75, do 20.04.2009) se establecese a nova estrutura orgánica do Goberno de Galicia.

*** De acordo co Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia:**

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	0
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	10
Consellería de Economía e Facenda	1
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	30
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	4
Consellería de Innovación e Industria	1
Consellería do Medio Rural	17
Consellería de Cultura e Deporte	1
Consellería de Sanidade	45
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	0
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	39
Consellería de Traballo	2
Consellería de Vivenda e Solo	0
Total Administración Autonómica	**150**

*** De acordo co Decreto 79/2009, do 19 de abril, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia:**

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	9
Consellería de Facenda	3
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	78
Consellería de Economía e Industria	1
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	10
Consellería de Sanidade	112
Consellería de Cultura e Turismo	0
Consellería de Traballo e Benestar	5
Consellería do Medio Rural	132
Consellería do Mar	6
Total Administración Autonómica	**356**

- ADMINISTRACIÓN LOCAL: 83

Deputacións provinciais	2
Concellos	81

- ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 7

Universidade da Coruña	2
Universidade de Santiago de Compostela	2
Universidade de Vigo	3

TOTAIS EXPEDIENTES ANO 2009: 596

Administración Autonómica	506
Administración Local	83
Administración Universitaria	7




PROCEDENCIA POR CONSELLERÍAS (de acordo co Decreto 211/2005)
45
40
35
30
25
20
15
10
5
0
0
10
1
30
4
1
17
1
45
0
39
2
0
Vicepresidencia
Cª Presidencia
Cª Economía
Cª P. Territorial
Cª Educación
Cª Industria
Cª M. Rural
Cª Cultura
Cª Sanidade
Cª Pesca
Cª M. Ambiente
Cª Traballo
Cª Vivenda


PROCEDENCIA POR CONSELLERÍAS (de acordo co Decreto 79/2009)
140
120
100
80
60
40
20
0
9
3
78
1
10
112
0
5
132
6
Cª Presidencia
Cª Facenda
Cª Medio Ambiente
Cª Economía
Cª Educación
Cª Sanidade
Cª Cultura
Cª Traballo
Cª Medio Rural
Cª Mar

- Dentro da clasificación dos asuntos examinados establecida en virtude da procedencia da solicitude dos ditames, a **relación de ditames por materias solicitada por cada órgano** é a seguinte:

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA : 506

- De acordo co Decreto 211/2005, do 3 de agosto: 150

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 10

Proxectos de regulamentos: (3)

Revisións de oficio de actos administrativos: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (4)

Deslindes entre termos municipais: (1)

Consellería de Economía e Facenda: 1

Proxectos de regulamentos: (1)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: 30

Concesións administrativas: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (28)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 4

Proxectos de regulamentos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Consellería de Innovación e Industria: 1

Recursos administrativos de revisión: (1)

Consellería do Medio Rural: 17

Proxectos de regulamentos: (3)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (14)

Consellería de Cultura e Deporte: 1

Proxectos de regulamentos: (1)

Consellería de Sanidade: 45

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (45)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: 39

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (39)

Consellería de Traballo: 2

Recursos administrativos de revisión: (2)

- De acordo co Decreto 79/2009, do 19 de abril: 356

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 9

Proxectos de regulamentos: (3)

Recursos administrativos de revisión: (1)

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (4)

Consellería de Facenda: 3

Proxectos de regulamentos: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 78

Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas:(1)

Proxectos de regulamentos: (3)

Contratos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (73)

Consellería de Economía e Industria: 1

Proxectos de regulamentos: (1)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 10

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (10)

Consellería de Sanidade: 112

Proxectos de regulamentos: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (110)

Consellería de Traballo e Benestar: 5

Proxectos de regulamentos: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Consellería do Medio Rural: 132

Proxectos de regulamentos: (2)

Recursos administrativos de revisión: (1)

Revisións de oficio de actos administrativos: (75)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (54)

Consellería do Mar: 6

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (5)

ADMINISTRACIÓN LOCAL: 83

Deputacións provinciais: 2

Deputación provincial de Ourense: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Deputación provincial de Lugo: 1

Contratos administrativos: (1)

Concellos: 81

Concello da Coruña: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Cambre (A Coruña): 2

Contratos administrativos: 2

Concello de Cariño (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Cedeira (A Coruña): 3

Contratos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 2

Concello de Cee (A Coruña): 4

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 4

Concello de Ferrol (A Coruña): 7

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (7)

Concello de Muros (A Coruña): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Noia (A Coruña): 2

Recursos administrativos de revisión: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Ordes (A Coruña): 1

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Padrón (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Porto do Son (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Ribeira (A Coruña): 7

Contratos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (6)

Concello de Teo (A Coruña): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Begonte (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Betanzos (Lugo): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Monforte de Lemos (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Palas de Rei (Lugo): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Rábade (Lugo): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Concello de Samos (Lugo): 1

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Concello do Barco de Valdeorras (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Ourense: 7

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (6)

Concello de Verín (Ourense): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Bueu (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello da Cañiza (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello da Estrada (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Gondomar (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello do Grove (Pontevedra): 6

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (6)

Concello da Guarda (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Concello de Meis (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Mos (Pontevedra): 1

Recursos administrativos de revisión: (1)

Concello de Poio (Pontevedra): 1

Recursos administrativos de revisión: (1)

Concello de Pontecesures (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): 1

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Soutomaior (Pontevedra): 3

Contratos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Concello de Tui (Pontevedra): 5

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (5)

Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra): 2

Contratos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

- ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 7

Universidade da Coruña: 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Universidade de Santiago de Compostela: 2

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Universidade de Vigo: 3

Revisión de oficio de actos administrativos: (2)

Contratos administrativos: (1)

1.2- Clasificación dos ditames por materias

A relación de ditames por títulos competenciais previstos no artigo 11 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, desenvolvida polo Decreto 282/2003, do 22 de maio, é a seguinte:

Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas	1
Proxectos de regulamentos	24
Recursos administrativos de revisión	8
Revisións de oficio de actos administrativos	93
Contratos administrativos	12
Concesións administrativas	2
Reclamacións de responsabilidade patrimonial	455
Expedientes de deslindes entre termos municipais	1
TOTAL	**596**



1.3.- Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 596 expedientes remitidos para o seu exame por parte deste Consello, 111 foron obxecto de "acordo de devolución", adoptado polo Consello ao abeiro do artigo 48.3 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que lle faculta para devolver o correspondente expediente a fin de que se emenden pola Administración activa consultante os defectos observados, sen a emisión do preceptivo ditame, e procedéndose ao arquivo de todo o actuado. Neste sentido, dos 111 expedientes obxecto de devolución, 50 foron novamente remitidos polo organismo de procedencia, unha vez atendido o requirimento do Consello procedendo á emenda das deficiencias procedimentais observadas.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

Favorables	386
Desfavorables	147
Outros	2
Acordos de devolución	61



1.4.- Comunicación das resolucións

O artigo 60 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento do Consello Consultivo, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante comunique no prazo de quince días a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición, presenta os seguintes resultados:

COMUNICADOS	308
NON COMUNICADOS	227

1.5.- Fórmula de incorporación dos ditames

Os artigos 3 da lei e 6 do decreto sinalan que as disposicións e resolucións sobre asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia, cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se tomasen de acordo co seu ditame, expresaranse coa fórmula "… *de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia*", e se non se tomasen de acordo co ditame daquel, coa de "… *oído o Consello Consultivo de Galicia*". O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados foi o seguinte:

"De acordo"	294
"Oído"	14



1.6.- Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de 5 expedientes os que se someteron ao ditame deste Consello Consultivo polo trámite de urxencia, previsto no artigo 52 do Decreto de organización e funcionamento, que acurta, como mínimo, á metade, o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames, logo da motivación.

1.7.- Ditames aprazados

Do total de 596 expedientes ditaminados no ano 2009, 23 deles foron aprazados ao abeiro do artigo 54 do Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 282/2003, do 22 de maio), segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos por un período que non excederá da metade do inicialmente establecido.

1.8.- Relación de ditames (Anexo, páxina 107)

2.- SESIÓNS REALIZADAS NO ANO 2009

Sesións do Pleno

Número de sesións: 33

5 de xaneiro	15 de abril	3 de agosto	5 de novembro
14 de xaneiro	29 de abril	12 de agosto	11 de novembro
21 de xaneiro	13 de maio	19 de agosto	18 de novembro
28 de xaneiro	11 de xuño	26 de agosto	2 de decembro
4 de febreiro	23 de xuño	2 de setembro	11 de decembro
18 de febreiro	8 de xullo	9 de setembro	23 de decembro
20 de febreiro	15 de xullo	28 de setembro	
4 de marzo	22 de xullo	13 de outubro	
2 de abril	29 de xullo	15 de outubro	

Salón de sesións

Sesións da Sección Primeira

Número de sesións: 33

12 de xaneiro	2 de abril	23 de xuño	18 de novembro
21de xaneiro	15 de abril	29 de xuño	26 de novembro
28 de xaneiro	22 de abril	16 de setembro	2 de decembro
4 de febreiro	29 de abril	25 de setembro	9 de decembro
16 de febreiro	6 de maio	13 de outubro	16 de decembro
4 de marzo	13 de maio	19 de outubro	23 de decembro
11 de marzo	27 de maio	28 de outubro	
17 de marzo	3 de xuño	2 de novembro	
25 de marzo	10 de xuño	9 de novembro	

Sesións da Sección Segunda

Número de sesións: 32

12 de xaneiro	25 de marzo	3 de xuño	5 de novembro
21de xaneiro	2 de abril	10 de xuño	11 de novembro
28 de xaneiro	15 de abril	23 de xuño	18 de novembro
4 de febreiro	22 de abril	29 de xuño	26 de novembro
16 de febreiro	29 de abril	30 de setembro	2 de decembro
4 de marzo	6 de maio	13 de outubro	9 de decembro
11 de marzo	13 de maio	19 de outubro	16 de decembro
17 de marzo	27 de maio	28 de outubro	23 de decembro

- IV -

ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1.- PUBLICACIÓN DOS DITAMES

Como vén sendo costume todos os anos, neste realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2008, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación.

A edición dos ditames elaborados polo Consello Consultivo é un instrumento que permite dar a coñecer o seu labor. Na publicación, que corresponde aos ditames emitidos durante o ano 2008, mantense o mesmo esquema que na de anos precedentes, contendo: un índice xeral de ditames, un índice segundo o órgano solicitante e un índice analítico.

Os ditames conteñen un resumo dos antecedentes, un extracto da doutrina e as consideracións formuladas. Como xa ocorrera noutras edicións, e debido ao gran volume de ditames emitidos, a publicación recolle soamente unha selección dos ditames máis destacados. Así mesmo, a edición do libro de ditames correspondente ao ano 2008 se editou, por primeira en formato CD-ROM, dada a simpleza do seu manexo.

A publicación foi distribuída do modo seguinte:

- Administración autonómica:
  - Consellerías: secretarias xerais, asesorías xurídicas, servizos técnicos xurídicos, delegacións provinciais.
  - Entes e organismos públicos galegos.
- Universidades.
- Administración local: municipios, deputacións provinciais, Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Parlamento de Galicia.
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Valedor do Pobo.
- Consello de Contas.
- Consello da Cultura Galega.
- Decanos dos Colexios de Avogados, Notarios, Procuradores, Rexistradores da Propiedade, Consello Galego da Avogacía, Asociación Galega de Avogados, Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

- Colexios de Graduados Sociais.
- Xefaturas Provinciais de Tráfico.
- Bibliotecas do Congreso e do Senado.
- Facultades de dereito das universidades españolas.
- *Consejo de Estado* e consellos consultivos das outras comunidades autónomas.

2.- PÁXINA WEB

O Consello Consultivo creou, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a súa páxina web propia e específica. No ano 2009 as páxinas do sitio Web: www.ccgalicia.es foron deseñadas e revisadas novamente, adecuándose ao establecido na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico.

O deseño web permite que todas aquelas persoas que normalmente están excluídas da rede debido as súas discapacidades físicas, sensoriais ou cognitivas, ou que teñan limitacións relacionadas co seu entorno de traballo e con barreiras tecnolóxicas, poidan acceder aos contidos e servizos dun sitio web.

A web ademais de información xeral referidas á entidade (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar a texto completo os ditames elaborados desde 1996. Ademais, presenta unha nova sección chamada *novas* onde os usuarios poden consultar ditames salientables emitidos recentemente, a actualidade do Consello, contratación administrativa e procesos selectivos en curso.

3.- XORNADAS E SEMINARIOS

3.1.- Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais"

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública dentro do Plan de formación para o persoal ao servizo das entidades locais de Galicia. O seminario pretendía dar a coñecer, no ámbito da Administración local, a doutrina sentada por este órgano consultivo nas distin-

tas materias nas que a súa intervención é preceptiva, ao longo dos últimos trece anos da súa existencia.

Inauguración do curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais"

O curso constaba de seis módulos:

- Módulo I: A Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: o Consello Consultivo de Galicia
- Módulo II: A responsabilidade patrimonial da Administración local
- Módulo III: Réxime xurídico das entidades locais: a revisión de oficio en materia local
- Módulo IV: Réxime xurídico das entidades locais: a potestade regulamentaria local
- Módulo V: A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos
- Módulo VI: O territorio das corporacións locais. Alteración de termos municipais

As sesións se desenvolveron na sede da Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela en xuño de 2009. A elas asistiron máis de corenta persoas do ámbito da Administración local e os seus organismos públicos e demais entes dela dependentes. Todos os relatorios foron impartidos por letrados do Consello Consultivo de Galicia.

Ao finalizar cada quenda de intervencións abriuse outra de coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións plantexadas polos asistentes.

3.2.- Curso "A prestación de servizos sanitarios ante os retos do século XXI"

O curso foi organizado pola Universidade de Santiago e se celebrou en Santiago de Compostela do 21 ao 24 de setembro. O seminario contou coa colaboración do Consello Consultivo de Galicia co ánimo de dar a coñecer a doutrina emitida por este Consello sobre esta materia que é obxecto de análise en numerosos expedientes de responsabilidade patrimonial sometidos a ditame deste órgano. O curso, que formaba parte do programa dos cursos de verán organizados por esta universidade se desenvolveu a través de catro módulos:

- Módulo I: A prestación de servizos sanitarios nun entorno dinámico

- Módulo II: A responsabilidade dos profesionais sanitarios

- Módulo III: A relación persoal sanitario – paciente e o respecto da autonomía da vontade

- Modulo IV: O consentimento informado nas intervencións altruístas

O curso de verán foi inaugurado por don José M. Mayán Santos, vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social da Universidade de Santiago e de dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, presidenta do Consello Consultivo de Galicia, e se desenvolveu na Salón de Graos da Facultade de Dereito.

A través das catro sesións se pretendeu abordar os principais problemas que suscita a práctica médica na actualidade, así como identificar cales son as tendencias de futuro, desde unha perspectiva multidisciplinar y do dereito comparado. Para iso, contouse coa participación de destacados especialistas do ámbito da medicina e do dereito, tanto do mundo profesional como do campo académico. Por parte do Consello Consultivo de Galicia participaron a súa secretaria xeral, dona Ana. M.ª López Guizán, quen falou de: *"O consentimento informado e a responsabilidade dos profesionais sanitarios"*; e do letrado do mesmo organismo, don Abelar-

do Blanco Serrano, quen disertou sobre *"A responsabilidade da Administración Pública no ámbito sanitario: un réxime especial de responsabilidade"*.

3.3.- Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia"

O Consello Consultivo de Galicia en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, e dentro do Plan de formación para o persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia, dos seus organismos e demais entes dela dependentes, organizou o antedito curso. O seminario tivo lugar en Santiago de Compostela, na sede da Escola Galega de Administración Pública, os días 2 ao 10 de novembro de 2009.

Participantes do curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia" na sede do Consello

O curso foi impartido por letrados do Consello Consultivo e estruturouse nos seguintes módulos:

- Módulo I: a Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: o Consello Consultivo de Galicia

- Módulo II: O control da potestade regulamentaria. O regulamento. Relacións entre lei e regulamento. Titularidade da potestade regulamentaria. O principio de reserva de lei

- Módulo III: Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Normativa reguladora

- Módulo IV: A responsabilidade patrimonial da Administración pública

- Módulo V: A contratación administrativa: modificación e resolución de contratos

- Módulo VI: A revisión de oficio dos actos e disposicións administrativas de carácter xeral.

A presidenta do Consello Consultivo de Galicia, dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, foi a encargada de inaugurar as xornadas acompañada pola secretaria xeral do Consello, dona Ana M.ª López Guizán e o relator do primeiro módulo, e letrado do Consello, don Manuel Cutrín Domínguez. No acto, a presidenta subliñou que son trece os anos de actividade deste órgano consultivo, cuxa experiencia acumulada xustificaba a organización do presente curso. Deste xeito, pretendíase constituír unha canle de divulgación da doutrina sentada por este Consello Consultivo nas materias obxecto da súa competencia ao tempo que abrir un foro de debate sobre a súa doutrina.

Así mesmo, a presidenta do Consello Consultivo insistiu na importancia de que o persoal ao servizo da Administración coñeza e valore a labor que se está a desenvolver neste organismo, ao tempo que agradeceu a colaboración de todos eles. M.ª Teresa Conde-Pumpido rematou dicindo *"pretendemos que a nosa doutrina resulte familiar e comprensible a todo o funcionariado e polo tanto serva de axuda no seu quefacer diario"*.

4.- ACTOS E ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS

Como todos os anos, e xa vai pola undécima edición, organizáronse as Xornadas da Función Consultiva, cuxo anfitrión foi o *Consejo Jurídico de la Región de Murcia*. As xornadas desenvolvéronse na cidade de Murcia durante os días 21 ao 24 de outubro de 2009.

A inauguración oficial tivo lugar o día 22 e foi realizada polo Sr. presidente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, don Ramón Luís Valcárcel Siso. O programa de traballo iniciouse coa disertación do catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Cantabria, don Luís Martín Rebollo, que versou sobre *"A modificación dos contratos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público"*. O segundo dos relatorios correu a cargo de don Ernesto García-Trevijano Garnica, letrado do *Consejo de Estado* (en excedencia), quen falou sobre *"A resolución dos contratos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público"*.

A presidenta do Consello Consultivo de Galicia con membros de outros consellos do Estado

O día 23 tocoulle a quenda ao relatorio defendido por don Joaquín Tornos Mas, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Barcelona e ex-presidente do *Consell Consultiu de la Generalitat de Cataluña*, que tratou sobre *"A configuración institucional dos Consellos Consultivos"*. A continuación se lle concedeu o uso da palabra ao Sr. William Zambrano Cetina, presidente da *Sala de Consulta e Servicio Civil del Consejo de Estado* da República de Colombia, o cal na súa intervención, ofreceu unha panorámica sobre aspectos históricos, organizativos e funcionais da institución consultiva no seu país.

E para rematar as xornadas foron presentadas as comunicacións feitas polos distintos consellos consultivos. A primeira, do Consello Consultivo de Galicia, levaba por título *"Igualdade de xénero e contratación administrativa"*, defendida polos letrados Sres. Cutrín Domínguez e López Corral, aos que correspondía a súa autoría xunto coa Sra. presidenta do Consello Consultivo, dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón; a segunda, da *Comissió Jurídica Assessora* de Cataluña, foi presentada polo responsable de estudos da mesma, o Sr. Oriol Mir Puig-Pelat, e tratou sobre *"A contratación administrativa en tempos de crise"*; a terceira versou sobre *"A incautación da garantía definitiva na resolución do contrato administrativo por culpa do contratista. Cuestións derivadas da nova Lei de contratos do sector público"*, sendo defendida polo Sr. Morales Illán, letrado do *Consejo Jurídico de la Región de Murcia*, coautor dela xunto co Sr. Baño Riquelme, letrado do mesmo consello. Finalmente foi presentado o relatorio *"Informe de impacto por razón de xénero nos procedementos de elaboración das disposicións normativas: a súa regulación e doutrina dos órganos consultivos"*, elaborado polas letradas do *Consejo Jurídico de la Región de Murcia* Sras. Caturla Carratalá e Cobacho Gómez.

O presidente da Xunta de Galicia e a presidenta do Consello Consultivo na inauguración dunhas xornadas na EGAP

Para finalizar procedeuse ao acto de clausura no que, tras unha breve intervención do presidente do *Consejo Jurídico de la Región de Murcia*, o Sr. presidente da Asemblea Rexional de Murcia, don Francisco Celdrán Vidal, dirixiu un discurso

aos asistentes no que ensalzou a independencia dos Consellos Consultivos, para, despois, declarar clausuradas as Xornadas.

Por outra banda, no transcurso do ano 2009, a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, asistiu a diversos actos en representación do Consello, entre os cales cabe destacar a súa participación no X Seminario sobre "Autonomía y Justicia en Cataluña", organizado polo *Consejo General del Poder Judicial*, o *Tribunal Superior de Justicia de Cataluña* e o *Consell Consultiu da Generalitat* de Cataluña. Así mesmo asistiu en Barcelona ao acto de toma de posesión dos membros do *Consell de Garanties Estatutaries* e dos membros da *Comissió Jurídica Assessora*, e en Murcia á inauguración da sede do *Consejo Jurídico de la Región de Murcia*.

Esta labor institucional se desenvolveu tamén en distintos actos celebrados na nosa Comunidade Autónoma, asistindo a presidenta do Consello Consultivo á toma de posesión de don Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia, á toma de posesión de don Miguel Ángel Cadenas Sobreira como presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a distintas actividades organizadas pola Escola Galega de Administración Pública, e outros actos institucionais.

5.- PRACTICUM DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como todos os anos e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito, no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes no que cada un dos alumnos estivo traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e sobre a doutrina e o modo de elaboración dos ditames, aos que tiveron directamente acceso, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o período os alumnos realizaron un exercicio práctico, que xunto ao aproveitamento acadado durante dito período, conformou a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos eles estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia dona M.ª José Quintana Acebo.

6.- MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Como todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2008, despois da súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro.

A presidenta do Consello Consultivo de Galicia fai entrega ao presidente da Xunta de Galicia da memoria do organismo correspondente ao ano 2008

Así mesmo, a Memoria 2008 foi presentada ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.

- V -

TRECE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA (1996-2009)

1.- DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DITAMINADOS DURANTE O PERÍODO 1996 - 2009

O número de asuntos coñecidos, por anos, dende o ano 1996, é o seguinte:

Ano	Núm. ditames
1996	110
1997	168
1998	266
1999	332
2000	566
2001	814
2002	819
2003	929
2004	768
2005	921
2006	1001
2007	1137
2008	1702
2009	596



1.1.- Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas

Ano	Núm. ditames
1996	0
1997	0
1998	0
1999	0
2000	0
2001	2
2002	1
2003	0
2004	0
2005	0
2006	1
2007	1
2008	4
2009	1



1.2.- Disposicións de carácter xeral. Regulamentos executivos

Os ditames concernentes a este apartado son exclusivamente os relativos aos proxectos de regulamentos ditados en execución da lei (artigo 11, d) da Lei 9/1995, do Consello Consultivo).

Ano	Núm. ditames
1996	21
1997	22
1998	35
1999	27
2000	19
2001	25
2002	20
2003	28
2004	25
2005	29
2006	36
2007	52
2008	64
2009	24



1.3.- Recursos de revisión

Ano	Núm. ditames
1996	19
1997	42
1998	75
1999	44
2000	13
2001	8
2002	8
2003	14
2004	11
2005	7
2006	8
2007	4
2008	8
2009	8



1.4.- Revisións de oficio

Ano	Núm. ditames
1996	14
1997	30
1998	26
1999	33
2000	14
2001	17
2002	24
2003	24
2004	20
2005	53
2006	21
2007	18
2008	45
2009	93



1.5.- Contratación administrativa

Ano	Núm. ditames
1996	5
1997	13
1998	8
1999	3
2000	9
2001	12
2002	18
2003	8
2004	16
2005	12
2006	10
2007	9
2008	12
2009	12



1.6.- Concesións administrativas

Ano	Núm. ditames
1996	0
1997	0
1998	9
1999	2
2000	5
2001	3
2002	7
2003	0
2004	3
2005	5
2006	3
2007	6
2008	1
2009	2



1.7.- Alteración de termos municipais / deslindes

Ano	Núm. ditames
1996	2
1997	1
1998	1
1999	0
2000	8
2001	2
2002	2
2003	4
2004	4
2005	3
2006	0
2007	0
2008	1
2009	1



1.8.- Responsabilidade patrimonial das administracións públicas

Ano	Núm. ditames
1996	37
1997	56
1998	104
1999	221
2000	495
2001	738
2002	737
2003	848
2004	684
2005	808
2006	915
2007	1.044
2008	1.564
2009	455



1.9.- Consultas facultativas

Ano	Núm. ditames
1996	6
1997	1
1998	1
1999	1
2000	1
2001	2
2002	1
2003	0
2004	0
2005	1
2006	0
2007	0
2008	1
2009	0



	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Nº ditames	0	0	9	2	5	3	7	0	3	5	3	6	1	2

1.10.- Comparativa por administracións

a.- Comparativa global polo número de expedientes tramitados

	Admón. Autonómica	Admón. Local	Admón. Universitaria	Admón. Corporativa
1996	93	17	1	0
1997	146	18	4	0
1998	239	22	5	0
1999	306	23	3	0
2000	465	99	2	0
2001	719	93	2	0
2002	650	169	0	0
2003	703	222	4	0
2004	583	181	4	0
2005	690	229	1	1
2006	833	163	5	0
2007	902	233	1	1
2008	1.437	252	13	0
2009	506	83	7	0



b.- Comparativa número expedientes da Administración autonómica

Ano	Núm. ditames
1996	93
1997	146
1998	239
1999	306
2000	465
2001	719
2002	650
2003	703
2004	583
2005	690
2006	833
2007	902
2008	1.437
2009	506



c.- Comparativa polo núm. de expedientes da Administración local

Ano	Núm. ditames
1996	17
1997	18
1998	22
1999	23
2000	99
2001	93
2002	169
2003	222
2004	181
2005	229
2006	163
2007	233
2008	252
2009	83



d.- Comparativa polo núm. de expedientes da Administración universitaria

Ano	Núm. ditames
1996	0
1997	4
1998	5
1999	3
2000	2
2001	2
2002	0
2003	4
2004	4
2005	1
2006	5
2007	1
2008	13
2009	7



- VI -

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS



Xardíns do Pazo de Amarante

1.- PROXECTOS NORMATIVOS

1.1.- Os novos criterios de actuación do Consello Consultivo de Galicia no caso de observancia de defectos na tramitación dos proxectos de decreto

É sabido que unha das competencias máis importantes atribuídas ao Consello Consultivo de Galicia pola Lei 9/1995, do 10 de novembro é a establecida no seu artigo 11, d), isto é, ditaminar os proxectos de regulamentos que se diten en execución de leis, así como as súas modificacións.

Ao longo dos xa case que catorce anos de exercicio na súa función este alto órgano consultivo ditaminou máis de catrocentos proxectos de decreto, o que pon de manifesto a importancia desta competencia. Se ben é certo que a meritada relevancia non deriva tanto, que tamén, deste plano cuantitativo, senón e sobre todo do natural destino de tales produtos normativos, chamados a inserirse no ordenamento xurídico, innovándoo.

Cómpre sinalar que a función consultiva se dirixe a sinalar os criterios xurídicos e técnicos orientadores da actuación normativa da administración activa consultante, pero tamén a efectuar un control da xuridicidade de tal actuación para precaver os conflitos xurídicos que poidan derivarse do seu non axuste a Dereito. Isto respecto das propias normas en si mesmas consideradas como respecto á fase de produción ou elaboración das mesmas, dada a incidencia que os defectos procedimentais poden chegar a ter na efectividade daquelas; incidencia que é cada día maior polo tamén maior rigor co que os órganos xudiciais veñen abordando o exame do proceso de produción das normas regulamentarias cando sobre estas se suscita contenda.

Ao longo de todos estes anos o Consello Consultivo de Galicia ten conformado unha doutrina propia sobre a tramitación formal dos expedientes de elaboración destas normas regulamentarias, incidindo tanto nos trámites imprescindibles como noutros "*convenientes*", perfilando o alcance específico dalgún deles, vagamente regulado nas normas de cabeceira (entre outras, os artigos 4, 34.5, 37 e 39 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, 1/1983, do 22 de febreiro, e os artigos 4, 5.1 e 22 do Regulamento de réxime interior da Xunta, Decreto 111/1984, do 25 de marzo, e a súa modificación polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, así como o disposto no artigo 24, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno), en correspondencia e por esixencias da función de garantía da legalidade atribuída do mesmo xeito a este órgano pola súa lei de creación. Doutrina que xa foi obxecto de explicación polo Pleno deste

órgano no seu "*Acordo interpretativo sobre os trámites formais a seguir nos procedementos de elaboración de disposicións xerais*", do 27 de decembro de 2001.

Como daquela se sinalou, a adopción daquel acordo interpretativo estivo motivada polas disfuncións provocadas pola falta dunha axeitada regulación do procedemento de elaboración das disposicións xerais e polo feito, preocupante, da incorrecta ou incompleta tramitación tanto no relativo aos aspectos obxectivos como participativos, dos procedementos de elaboración de moitos daqueles proxectos de disposicións xerais remitidas a este Órgano consultivo para posterior ditame.

A preocupación xerada por tales defectos vén dada polo valor e función do procedemento administrativo, tantas veces resaltado por este órgano mediante a súa doutrina uniforme, no sentido de que na elaboración de disposicións de carácter xeral se deben observar en igual modo as normas substantivas e as de carácter adxectivo que regulan a canle a través da cal se debe producir a actividade normativa da administración, en canto tanto unhas como outras forman parte do ordenamento xurídico ao que se encontran sometidos os poderes públicos na súa actuación (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución); por conseguinte, a observancia do procedemento legalmente establecido debe ser escrupulosa, pois o procedemento opera como medio de garantía das decisións administrativas.

A maior abastanza, o procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral adquire, se cadra, maior importancia que outros procedementos administrativos xa que a norma resultante terá incidencia non só nun puntual caso, senón que os seus efectos serán, en principio, sostidos no tempo e aplicados con carácter xeral e potencial ao conxunto da sociedade.

Así as cousas, atendendo ás consecuencias que, como é sabido, conleva a adopción por este Consello, ao amparo do artigo 48.3 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento, dos chamados "*acordos de devolución*", se aprobou con data 11 de decembro de 2009 polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia o "A*cordo interpretativo sobre a adopción de acordos de devolución de expedientes de elaboración de disposicións xerais*". E isto coa finalidade de fundamentar e explicar axeitadamente, en virtude do principio de transparencia, os criterios e compromisos sobre a postura deste Órgano ante as deficiencias procedimentais observadas nos expedientes remitidos sobre elaboración de disposicións de carácter xeral.

Pois ben, na medida en que a omisión do procedemento ou a súa defectuosa ou incompleta tramitación poida traducirse nunha inobservancia transcendente

para o cumprimento da finalidade a que tende a súa esixencia, este Consello Consultivo está facultado polo artigo 2 da súa Lei de creación, Lei 9/1995, do 10 de novembro e 48.3 do seu regulamento aprobado polo Decreto 282/2003, do 22 de maio, para devolver o correspondente expediente a fin de que se emenden pola Administración activa consultante os defectos observados. Como tamén está facultado para, nos mesmos supostos, non facer uso deste mecanismo de devolución, limitándose a emitir o ditame solicitado facendo constar nel como "*observación de legalidade*" a omisión ou insuficiencia de trámites esenciais.

Ítem máis, o artigo 2 da Lei de creación do Consello Consultivo de Galicia impón a este órgano o deber de velar pola observancia da Constitución española, Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico en todos e cada un dos asuntos dos que estea a coñecer en virtude das competencias que lle son atribuídas polo artigo 11 da mesma lei ou por calquera outra disposición normativa.

Agora ben, o certo é que nas normas expostas non se distingue entre un tipo de expedientes e outros, entre procedementos, senón que semella dar un tratamento uniforme a todos os supostos posibles. Xa que logo, baixo a máxima *ubi lex non distinguit nec nos distinguere possums* o Pleno do Consello Consultivo de Galicia como intérprete e axente xurídico vinculado á norma, tampouco debe distinguir.

Non obstante, o ata aquí dito, o Consello Consultivo de Galicia non é quen de descoñecer que no exercicio desta particular competencia o seu ditame é preceptivo mais non vinculante, polo que cabe interpretar que tampouco sería axeitado paralizar a capacidade normativa do poder executivo pola non emisión do correspondente ditame en base a defectos procedimentais, por importantes que estes foran, xa que podería exceder da función consultiva que a este órgano lle foi atribuída.

Cómpre sinalar que dentro desta referida función consultiva se atopa non só a labor de emitir consellos técnicos ou xurídicos senón tamén, é de resaltar no presente suposto, unha certa pero importante función de control do actuar da administración activa consultante.

Así mesmo, ha de notarse que por mor do artigo 2.3 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, o ditame do Consello Consultivo de Galicia é o derradeiro documento que integrará o expediente, inxerido por tanto na fase resolutoria de todo procedemento, unicamente seguido no caso dos procedementos de elaboración de disposición de carácter xeral pola aprobación da norma polo Consello da Xunta de Galicia.

Sobre esta base, a posibilidade antes anunciada de que non se procederan a devolver os expedientes incorrectamente tramitados de elaboración destas disposicións xerais, limitándose este órgano a sinalar estes defectos como "*observacións de legalidade*" no seu ditame imposibilitaría *de facto* que a administración activa consultante puidera emendar tales defectos de carácter formal xa que non se poderían producir con posterioridade ao ditame tramitación ou documento algún. Obviamente non semella esta a mellor das opcións posibles.

En definitiva, entre a posibilidade de paralizar o procedemento normativo e a de bloquear a posibilidade de subsanar os defectos procedimentais de carácter esencial, este Consello Consultivo de Galicia decidiu no Acordo interpretativo de 11 de decembro de 2009 adoptar unha postura intermedia baseada nos principios recollidos na Constitución española (artigo 103) e Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (artigo 3) de legalidade, eficacia e eficiencia, consistente en que, con base no artigo 48.3 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, perante unha tacha invalidante observada no procedemento de elaboración do proxecto normativo remitido debe ditarse acordo de devolución do expediente sen entrar na cualificación do articulado, para que polo órgano promotor se subsane o defecto ou ben se exprese a motivación que estime oportuna sobre a innecesariedade de cumprimentación do trámite en cuestión, debendo finalmente someterse o expediente ao preceptivo ditame deste Consello.

Desta forma, a actuación do Consello Consultivo de Galicia sería totalmente respectuosa tanto coa vontade do poder executivo, non impedindo a súa expresión normativa, como coa súa función, advertindo mediante un mecanismo ponderado as deficiencias procedimentais acontecidas, concedendo a posibilidade de subsanar estas, eludindo desta forma, unha futura tacha de legalidade en primeiro termo e unha posterior e eventual declaración de nulidade en vía xudicial do texto normativo.

Así mesmo, e ante a común urxencia na tramitación dos procedementos de elaboración de textos regulamentarios, este Órgano estimou procedente que os trámites procedimentais fosen estudados na primeira semana dende a súa entrada no rexistro deste Órgano, adoptando, no caso de que sexa necesario, o acordo de devolución correspondente na primeira sesión na que fora posible, co obxecto de non penalizar en exceso o tempo de tramitación do proxecto por parte do Goberno.

1.2.- Pautas de técnica normativa

Nun moderno Estado de Dereito, as normas, consideradas en si mesmas, deben reunir uns requisitos mínimos de claridade expresiva, de estrutura formal e de lóxica interna; ademais, consideradas en relación co seu contexto, as normas teñen que axustarse ás circunstancias da realidade sobre a que actúan, e deben integrarse nun ordenamento xurídico xa existente. Unhas esixencias e outras son, inequivocamente, horizontes a cuxa consecución ha de coadxuvar o emprego dunha correcta técnica normativa

A pesar da importancia do asunto, implicando en ocasións o mesmo principio constitucional de legalidade e seguridade xurídica (artigo 9.3 da Constitución española), o certo é que a Comunidade Autónoma de Galicia non publicou ningunha norma, legal ou regulamentaria, que determine, sequera minimamente, unhas regras básicas para a redacción das normas; tampouco se acometeu este labor a través da aprobación de instrucións ou circulares internas dirixidas aos órganos que teñen encomendada a tarefa de elaboración de textos normativos.

Ante este baleiro normativo, o Consello Consultivo de Galicia ten establecido ao longo destes anos, no exercicio da súa función consultiva, distintas pautas de técnica normativa que, sen pretender irrogarse valor de norma xurídica, constitúen un criterio de indubidable interese para os operadores xurídicos autonómicos á hora de elaborar o texto de calquera disposición de carácter xeral.

Tales pautas, formuladas *ad casum* ao examinar os distintos proxectos de regulamento sometidos ao seu ditame, poden reconducirse aos seguintes aspectos:

- INSERCIÓN DA NORMA NO ORDENAMENTO XURÍDICO

A creación normativa precisa, como tivo ocasión de sinalar este Consello Consultivo (CCG 75/07), dun proceso reflexivo, no que se deben ponderar todos os elementos que inciden na materia obxecto da norma proxectada. Neste punto cobra unha especial relevancia a inserción da norma no ordenamento xurídico pois "*a configuración do ordenamento como un conxunto sistemático e ordenado, impón a carga ineludible de que a norma a integrar ten que axustarse ás regras de articulación construtiva e funcional daquel, regras que, fundamentalmente serven a dous principios constitucionalmente enunciados: a unidade e a continuidade, ambos os dous copia do superior principio de seguridade xurídica. En particular, a continuidade, esencialmente entendida, estímase na doutrina como unha vocación de progreso, de conformidade coas demandas da realidade social, de forma que as modificacións*

normativas, aínda profundas e con variación dos criterios esenciais, preserven o valor engadido adquirido pola normativa precedente, de maneira que a continuidade global do sistema require, precisamente para ser preservada, que a continua, circunstanciada e concreta modificación de normas atenda a un criterio de racionalidade e seguridade xurídica" (CCG 693/06).

Obviamente, esta vocación de progreso non resulta compatible con actuacións que provoquen retrocesos, baleiros normativos, ou, mesmamente, desestruturacións normativas que fragmenten o marco normativo en múltiples normas reguladoras de situacións idénticas ou converxentes (entre outros, os CCG 651/06 e 652/06).

O Consello Consultivo de Galicia tivo oportunidade de coñecer dun suposto tal no CCG 586/04, no que o proxecto normativo presentaba unha desubicación normativa importante, ao desenvolver normativa estatal desprazada, e non a lei galega correspondente, adquirindo así o proxecto de decreto o carácter de regulamento independente, polo menos respecto á normativa autonómica de referencia.

- DENOMINACIÓN DA NORMA

É constante neste punto a doutrina do Consello Consultivo conforme á cal o título do proxecto normativo ha de ser comprensivo do contido da norma, evitando, pois, que importantes aspectos obxecto de regulación non teñan reflexo no título. Cabe destacar ao respecto o CCG 220/07 e o CCG 310/2009, sinalando este último como "*se debería utilizar un título que responda mellor ao contido da regulación proxectada, que non só abrangue propiamente axudas en materia de vivenda, como parece expresar o propio título, senón que ademais, e noutros artigos, regula aspectos relativos ao réxime xurídico das distintas fórmulas de promoción ou fomento para o acceso á vivenda*".

- ÍNDICE

Tamén a doutrina do Consello destacou a necesidade de que os textos normativos inclúan un índice cando a extensión destes o aconsellen, inseríndose inmediatamente despois do título da norma. Sinalouse así no CCG 310/09 como "*As regras de técnica normativa aconsellan que os textos normativos inclúan un índice, cando así o requira o contido ou extensión destes. Este é o suposto que se produce no proxecto examinado, que ten unha estrutura o suficientemente complexa como para necesitar a adopción da devandita fórmula. O índice, haberá de inserirse inmediata-*

mente despois do título, e conterá as distintas divisións do proxecto coa descrición do contido de cada unha delas".

- PREÁMBULO

É reiterada a doutrina deste órgano conforme á cal a parte introdutoria, ou preámbulo de calquera norma ten obxectivos e funcións múltiples, e debe orientarse, en contraposición coa súa parte dispositiva, a manifestar o contido das súas disposicións, axudando aos seus destinatarios no coñecemento destas, os elementos que motivan o seu nacemento, os fundamentos xurídicos en que se fundamentan, e os obxectivos ou finalidades normativas que trata de cumprir baseándose nuns feitos ou situacións concretas que esixen unha resposta por parte dos operadores xurídicos. Neste sentido, entre outros, o CCG 334/03 xa sinalou como "*os preámbulos teñen unha función que cumprir na motivación e explicación do exercicio dunha potestade discrecional como é a regulamentaria, e é que tal función pode contribuír, ademais, ao control xudicial dos regulamentos que resulta do artigo 106.1 da Constitución, en especial dende a perspectiva do principio de interdición de arbitrariedade dos poderes públicos consagrado no artigo 9.3*".

Con todo, ha de notarse como preámbulos excesivamente prolixos e amplos impiden a consecución dos fins que lle son propios, esixíndose entón unha maior síntese e concisión literaria (CCG 1603/08). Por outro lado, coherentemente coa finalidade descrita, como se apuntou no CCG 69/09, ao preámbulo das normas estalle vedado todo contido normativo, que ha de trasladarse necesariamente ao articulado ou parte dispositiva do texto. E paralelamente, non parece apropiado que conste naquela parte dispositiva a finalidade da norma (CCG 1558/08), ou o conxunto de normas que rexen unha materia (CCG 1693/08), pois un aspecto e outro son máis propios das exposicións de motivos das normas, nas que si deben figurar para efectos informativos.

Finalmente, no preámbulo das normas ha de incluírse a exacta fórmula de incorporación do parecer do ditame do Consello Consultivo, de conformidade co disposto no artigo 3.3 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, de creación do órgano (neste sentido, entre outros, os CCG 1479/08 e 18/09).

- ESTRUTURA E SISTEMÁTICA DA NORMA

En primeiro lugar, o Consello Consultivo de Galicia manifestou en diversas ocasións a corrección de distinguir, nos Decretos que pretenden regular con voca-

ción de integridade unha materia, entre unha parte propiamente instrumental, consistente nun artigo que se limita a aprobar un regulamento, e outra substantiva, na que figura xa o regulamento, como corpo independente, nun anexo.

É o caso do CCG 1482/08, no que se sinala como "*Por outra parte, consta o texto do Decreto remitido dun único artigo, catro disposicións adicionais, unha derrogatoria e dúas finais. A través do artigo único apróbase o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo texto aparece a continuación nun anexo, que á súa vez consta dun índice, e 87 artigos. O Decreto ten pois unha estrutura diferenciada, habitual neste tipo de disposicións, con distinción entre a parte propiamente instrumental e a regulación substantiva, o Regulamento, como corpo independente, como diciamos, en anexo separado. […] Pero, en todo caso, o devandito conxunto normativo está presidido, por dicilo así, polo decreto que é o que, propiamente achega a aquel, e especificamente ao texto regulamentario, o necesario rango e valor na orde xerárquica*".

Por outro lado, se un texto normativo regula unha materia máis ou menos extensa con pretensión de complitude, convén ordenar sistematicamente os seus preceptos, como regra xeral, de acordo coa función propia de cada un deles, xa conteñan normas directivas, organizativas, planificadoras, prescritivas de dereitos, obrigas, prohibicións ou limitacións, sancionadoras, procedimentais e procesuais, ou de garantía (CCG 310/09). De feito, se un texto normativo contén disposicións directivas, relativas á determinación do obxecto da norma, ao seu ámbito de aplicación, a definicións e precisións conceptuais, ou aos principios xerais da regulación que estableza, estas disposicións directivas han de incluírse na parte inicial do texto normativo (neste sentido, o CCG 1410/08).

Noutra orde de cousas, cando sexa conveniente, pola relativa extensión do texto normativo e a súa dishomoxeneidade, os artigos poden agruparse en capítulos, que haberán de numerarse con cifra romana e definir necesariamente o seu obxecto de xeito rigorosamente sucinto. A subdivisión dos capítulos en seccións debe considerarse como posibilidade excepcional, só utilizable no caso de capítulos moi extensos e reguladores de aspectos materiais claramente diferenciables dentro da súa unidade.

Só en textos moi extensos e xerais pode empregarse a división en títulos, que nunca debe substituír á agrupación primaria dos artigos en capítulos. Os títulos deben numerarse, como os capítulos, con cifras romanas, salvo que sexa conveniente incluír un Título Preliminar para as disposicións directivas.

- NUMERACIÓN, EXTENSIÓN E DIVISIÓN DOS ARTIGOS

Os artigos deben numerarse con cardinais arábigos, e non con ordinais.

Por outra banda, regra elemental dunha correcta técnica normativa é unha axeitada extensión dos mesmos que facilite a súa comprensión e, así, por exemplo, no CCG 1603/08, púxose de manifesto o inadecuado dun artigo cunha extensión de cinco folios, o que dificultaba loxicamente a súa comprensión. Para corrixir este particular, é aconsellable dividir este tipo de artigos en varios, considerando ademais que os artigos se poden dividir en apartados e estes, á súa vez, en parágrafos (CCG 310/09).

- PAUTAS PARA A REDACCIÓN DOS PRECEPTOS DA NORMA

Unha primeira pauta na redacción dos preceptos das normas é a atribución a estes dun contido normativo, obviando formulacións descritivas (CCG 1354/08 ou 1479/08), innecesarias ou carentes de sentido (CCG 1603/08), posibilísticas ou amplas en grao sumo (CCG 1603/08). Respecto a estas últimas, ha de considerarse que a redacción da norma en termos posibilísticos ou mediante cláusulas abertas, contravén directamente o principio de seguridade xurídica ao introducir incerteza á hora de interpretar e aplicar a norma en cuestión (CCG 1354/08), podendo ser mesmo fonte de arbitrariedade na actuación dos poderes públicos.

Ademais, no labor de redacción normativa, por imperativo do disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, é obrigada a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e, polo tanto, tamén nas disposicións que emanen deste (CCG 320/09).

Así mesmo han de evitarse na redacción do articulado as redundancias, evitando polo tanto as reiteracións de palabras (CCG 1603/08).

Tamén ha de intentar evitarse a utilización de siglas nos textos normativos, fenómeno que resulta de todo frecuente, aínda que incorrecto e contrario ás normas que impón a seguridade xurídica, por moito que tales siglas estean plenamente implantadas na linguaxe administrativa habitual (CCG 334/03 e 1510/08).

Tampouco o emprego de locucións entre paréntese parece axeitado para aclarar o significado dunha disposición anterior, existindo neste caso a alternativa de establecer un catálogo de definicións nun artigo independente (CCG 1510/08).

A utilización de puntos suspensivos parece tamén contrario a unha boa técnica normativa, "*sendo necesario substituílos por unha cláusula de peche que dea cabida ao resto de supostos análogos aos que conforman a enumeración do precepto*" (CCG 1556/08)

A primeira cita das normas demanda a utilización do seu título completo e data (CCG 1410/08), mentres que nas mencións ulteriores a esta se poden facer indicando simplemente o seu número e data (CCG 1478/08).

Finalmente, a referencia a unha norma sobreenténdese á redacción vixente en cada momento (CCG 485/09), polo que non é procedente que no articulado dun regulamento se cite unha norma con referencia a todas as súas modificacións. Cómpre advertir que esta observación non rexe para o caso da cita de normas no preámbulo ou exposición de motivos pois este, polo seu carácter explicativo, admite a mención dunha norma seguida das súas modificacións.

- REPRODUCIÓN LITERAL DE PRECEPTOS LEGAIS EN DISPOSICIÓNS REGULAMENTARIAS

É reiterada a doutrina do Consello conforme á cal só é admisible copiar nun texto regulamentario un precepto legal, cando iso resulte indispensable para o entendemento do conxunto da norma ou texto (CCG 310/09). Nestes casos, o regulamento debe fuxir da utilización de fórmulas alternativas á dicción legal, pois iso pode introducir dúbidas ou inseguridade na interpretación da norma, esixíndose, pois, a reprodución literal do precepto legal (CCG 1354/08, 1648/08 e 1654/08).

Con todo, convén advertir dos riscos inherentes á reprodución literal dos preceptos lexislativos, pois esta técnica "*pode escurecer a xenuína orixe das previsións contidas nas disposicións en cuestión, confundindo aquelas de superior rango coas de inferior, dando pé ao risco de que as posteriores modificacións en vía regulamentaria se entendan -indebidamente- lexitimadas para modificar preceptos que, en realidade, están amparados polo principio de conxelación legal de rango*" (CCG 1645/08).

De aí a precaución que debe seguirse no emprego desta técnica, ben circunscribíndoa a aqueles casos en que a inclusión das previsións legais sexa necesaria para a axeitada comprensión e estruturación das disposicións regulamentarias, ben substituíndo a mesma por unha remisión normativa

- REPRODUCIÓN LITERAL DE LEIS BÁSICAS ESTATAIS POR NORMAS AUTONÓMICAS

No caso de regulamentos que se diten en execución das leis, aqueles deben ser o complemento indispensable para asegurar a correcta aplicación e a plena efectividade da devandita lei, e así constante xurisprudencia (entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo do 3 de febreiro de 1992) sinala como "*o regulamento debe continuar con propio contido o designio ordenador da lei*". Como indicou este Consello en múltiples ditames (entre outros, o CCG 182/98 e 508/05), este criterio permite ao regulamento executivo incluír normas de organización e procedemento, respectando o contido normativo substancial da lei que desenvolve, concretar os preceptos desta no que teñan certa vaguidade, e explicitar as regras enunciadas na lei só a nivel de principios. Neste sentido, é oportuno recordar aquí, en liña co expresado polo *Consejo de Estado* (ditame 4490/98) que todas as normas deben ter un compoñente de solidez e garantía que evite a súa transformación no que se chamou "*dereito gaseoso, brando ou borroso*" con contidos imprecisos ou insuficientes, o cal non deixa de constituír un elemento de degradación da norma.

Así, a norma regulamentaria incumpre tal labor cando se limita a reproducir os designios legais (CCG 1644/08), ou os desenvolve nuns termos absolutamente insuficientes, deixando numerosos flancos sen regular (CCG 1603/08), comprometendo entón o principio, constitucionalmente consagrado, de seguridade xurídica.

Estas consideracións, válidas para todo regulamento que se dite en execución da lei, cobran especial relevancia, cando se trata de normas regulamentarias (mesmo, tamén normas con rango de lei) cuxa vocación é desenvolver normativa básica estatal.

En concreto, respecto á simple reprodución de leis básicas do Estado en leis autonómicas, sen engadir un plus de regulación propia, xa o Tribunal Constitucional (entre outras, nas sentenzas 40/1981, do 18 de decembro, e 162/1996, do 17 de outubro) manifestou as súas reservas ao considerar como "… *al utilizarse por órganos legislativos distintos, con ámbitos de competencias distintos, está inevitablemente llamado a engendrar tarde o temprano una innecesaria complicación normativa cuando no confusión e inseguridad*".

Ademais, como se apuntou no CCG 1644/08, esta técnica de simple reprodución de normas básicas en normas autonómicas, dalgún xeito, implica renunciar ás posibilidades dunha normación autonómica propia ou, cando menos, adaptada ás características propias da Administración autonómica en cada materia.

E é que unha das características das normas básicas é, precisamente, evitar unha regulación de detalle en exceso para así posibilitar suficiente marxe para a regulación das especificidades propias por parte do lexislador autonómico. De aí que a repetición mimética das normas básicas por outras autonómicas poña, en certo modo, a estas últimas en cuestión, no sentido de que non virían a cumprir propiamente o seu papel complementador da lexislación da que traen causa, desnaturalizando o seu papel, e convertendo así a propia regulación, en certa medida, nun esforzo inútil (entre outros, os CCG 334/03 e 144/09).

- REMISIÓN EN BLOQUE DA NORMATIVA AUTONÓMICA AO RÉXIME XURÍDICO CONTIDO NA NORMATIVA ESTATAL

Sendo innegable que esta opción non presenta *a priori* problemas de legalidade, o certo é que tampouco está exenta de problemas interpretativos para o caso de que o Estado modifique a normativa á se fai a remisión, polo que se considera máis idónea unha regulación completa pola Comunidade autónoma, o que, asemade, contribúe á necesaria coherencia e complitude do ordenamento autonómico (CCG 499/09).

- DESREGULACIÓN OU REGULACIÓN DIFERIDA

É constante na doutrina do Consello (entre outros, os CCG 1354/08 ou 1479/08), a condena das normas que adoecen no seu articulado dunha falta de regulación de materias incluídas no seu obxecto, ben por omitir totalmente calquera referencia ao seu réxime xurídico ou a certos aspectos deste, ben por remitir aquel ao que poidan establecer outras normas xerarquicamente subordinadas.

Trátase dunha práctica que, nalgunhas ocasións, pode contravir o principio de reserva de lei (cando nunha materia reservada á lei, esta remite en bloque ao regulamento); noutras, en cambio, contravén flagrantemente a doutrina do complemento indispensable que resulta aplicable ás disposicións regulamentarias ditadas en execución das leis, doutrina á que xa se fixo referencia con anterioridade.

- DENOMINACIÓN DOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS POR REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS QUE TEÑEN ATRIBUÍDAS

É tamén regra de técnica normativa habitual na doutrina do Consello, a de denominar aos órganos administrativos por referencia ás competencias que lles están atribuídas, en lugar de utilizar o nome que puntualmente corresponda ao

órgano no momento de aprobación da norma (neste sentido, o CCG 1410/08 e 1510/08). Con iso sálvase a coxunturalidade inherente á organización administrativa, evitando posibles descoordinacións na nomenclatura dos órganos administrativos como consecuencia de modificacións futuras.

- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS, TRANSITORIAS, DERROGATORIAS E FINAIS

As disposicións adicionais, transitorias, finais e derrogatorias, se as houber, deberán incluírse na parte final do texto normativo, pola orde exposta, e deberán ser as estritamente imprescindibles, de acordo coa funcionalidade propia de cada unha delas.

As disposicións adicionais son normas destinadas a complementar especificamente o articulado, no que propiamente non teñen encaixe axeitado (CCG 1482/08), recollendo aspectos tales como réximes especiais, dispensas, excepcións, ou remisións a outros textos normativos, ou mesmo previsións de futuro destinadas á implantación dun determinado sistema previsto na norma (CCG 1693/08).

Pola súa banda, as disposicións transitorias deben limitarse a regular os estritos problemas de transitoriedade e non outros de carácter intertemporal (CCG 1693/08).

En canto ás disposicións derrogatorias, sinalou este Consello Consultivo como non é obxecto destas o establecemento dun réxime xurídico de aplicación por remisión a unha normativa xa vixente (CCG 1510/08).

As disposicións finais deben incluír, no seu caso, a regulación dos problemas de retroactividade, entrada en vigor e termo de vixencia da lei, máis as habilitacións á potestade regulamentaria de execución, sempre que non se trate de remisións normativas específicas.

En canto á entrada en vigor das normas, é reiterada a doutrina do Consello Consultivo de Galicia conforme á cal a supresión do período de *vacatio legis*, previsto no artigo 2.1 do Código Civil, esixe razóns de perentoriedade debidamente xustificadas no expediente (CCG 109/99 e 15/09).

- ANEXOS

Os anexos ás normas regulamentarias constitúen os vehículos formais polos que se introducen nestas unha serie de regulacións de marcado carácter técnico, en

certa forma alleas ao contido dun precepto xurídico. Por iso, aquelas previsións que non son estritamente técnicas, e si esencialmente de carácter xurídico-administrativo, deberían ter a súa sede natural no texto articulado (CCG 1354/08).

Deste modo, é habitual empregar os anexos para recoller fórmulas que non poden recollerse mediante a escritura, tales como planos, gráficos, fórmulas matemáticas, etc…, ou ben series de persoas, bens ou lugares, etc…, nos que haxa de concretarse a aplicación das disposicións do texto.

2.- REVISIÓN DE OFICIO DE ACTOS ADMINISTRATIVOS

2.1.- Revisión de oficio de concesión de axudas por mor dun erro informático que alterou a orde de priorización das solicitudes

Como ten sinalado en reiterada doutrina este Consello Consultivo, a revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional en canto actividade que ten por fin privar de toda eficacia a algunhas decisións súas anteriores viciadas de nulidade, decisións que, en canto actos administrativos e por expresa previsión legal, gozan de presunción de certeza e axuste á legalidade. Ademais, cómpre sinalar, esta privación de eficacia ten lugar dun xeito sobrevido mediante a anulación, por unilateral pronunciamento, do órgano administrativo competente e sen acudir ao proceso contencioso-administrativo.

En definitiva, o mecanismo de revisión de oficio pode operar a anulación, de determinados actos administrativos, concretamente daqueles que posúen as notas de definitivos e declarativos de dereitos. Agora ben, non estamos diante dunha facultade de exercicio libre e arbitrario pois, como paso previo a tal transcendental declaración, requírese a constatación precisa, de acordo coa previsión legal ao respecto, da existencia dunha causa de nulidade de pleno dereito en canto fundamento xurídico da facultade que se pretende exercitar e pór en marcha.

Pois ben, en distintos expedientes, substancialmente idénticos, sometidos no ano 2009 a ditame deste Consello, se suscitaba a revisión de oficio dunha serie de axudas concedidas ao abeiro dunha Orde da Consellería de Medio Rural de 2008 pola que se establecían as bases reguladoras das axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte. Esta Orde, é importante destacar, recollía unha serie de criterios de prioridade para a selección das solicitudes, que serían avaliadas asignándolle unha puntuación a cada unha delas, unha vez asignado o valor máximo e mínimo entre todas as presentadas.

Atendendo a estas bases, se certificou pola Administración que unha pluralidade de beneficiarios cumprían todos os requisitos esixidos pola Orde da Consellería do Medio Rural, se ben debido a que o importe das solicitudes propostas para aprobar era superior á dotación orzamentaria, foi necesario aplicar os criterios de prioridade, non podendo ser atendidas todas as solicitudes. En consecuencia, de todos os solicitantes que cumprían os requisitos, se outorgaron as axudas só a aqueles que tiñan maior puntuación.

Sen embargo, con posterioridade á resolución de concesión das subvencións, se constatou que na valoración das solicitudes se cometera un erro informático de programación na asignación orzamentaria dos expedientes priorizados que se propuxeran para a súa aprobación. E, como consecuencia deste erro, se ditaron a favor de distintos solicitantes resolucións de concesións de axudas estimatorias que deberían ter sido desestimatorias se non se tivese cometido o erro informático, dada a concorrencia competitiva que desenvolvía o procedemento.

Ante esta situación, a Administración autonómica acordou iniciar un procedemento de revisión de oficio dos actos de concesión das axudas, alegando a concorrencia da causa de nulidade prevista no artigo 62.1 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ("*actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquirisen facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esencias para a súa adquisición")* pois, como queira que existira un erro no tratamento informático das solicitudes, a puntuación outorgada aos interesados non se correspondía coa realmente procedente en aplicación dos criterios establecidos na orde, de xeito que, de non terse producido o erro informático indicado, a súa puntuación tería sido inferior á acadada por outras solicitudes que foran rexeitadas. Así as cousas, consideraba a proposta que o dereito ás subvencións fora adquirido sen reunir os requisitos esenciais para a súa adquisición, propugnando logo a nulidade dos actos de concesións de axudas e, ao tempo, a concesión dunha indemnización por danos e perdas polo importe das subvencións.

Neste sentido, sobre o carácter esencial dos requisitos para a adquisición do dereito como causa de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos xa tivo ocasión de pronunciarse este Consello Consultivo en diversas ocasións (por todos o ditame 136/99), e en consonancia co criterio restritivo xa apuntado e seguido polo *Consejo de Estado*, así ditame 842/1996, ten declarado que os ditos requisitos esenciais non poden ser todos aqueles que a lei esixe, senón tan só os que definen a estrutura mesma do acto administrativo. Efectivamente, deben evitarse interpretacións

extensivas desta causa de nulidade de pleno dereito que equiparen requisitos esenciais con todos os requisitos necesarios para a adquisición dun dereito, pois non calquera infracción do ordenamento xurídico pode dar lugar á nulidade de pleno dereito xa que iso suporía desnaturalizar gravemente a institución da revisión de oficio.

En consecuencia, a cuestión fundamental é determinar que requisitos de entre os distintos que o ordenamento establece para a adquisición dun dereito, deben ser considerados esenciais. E esta cuestión, como ten sinalado o Consello Consultivo, non pode ser resolta con carácter xeral para todos os supostos, senón que cada caso deberá ser examinado individualmente tendo en conta a norma concretamente aplicable.

En efecto, como argumentaban os ditames de razón (entre outros, o CCG 350/09), para facer esta distinción debe terse en conta que, como sentou o Consejo de Estado no seu ditame 97/2000, do 13 de decembro, referido á revisión de oficio de axudas para a reforestación: "*Estos requisitos sólo podrán ser catalogados como 'esenciales' cuando vayan ligados íntimamente a la finalidad pretendida por la norma, de modo que un incumplimiento de tales condiciones conllevaría la transgresión de aquel fin … en definitiva puede afirmarse que en el presente supuesto debe considerarse como requisito 'esencial' para acceder legítimamente a la subvención convocada, que esta coadyuve al cumplimiento de la finalidad de reforestación, siendo, por consiguiente, nula de pleno derecho la resolución que conceda la ayuda para terrenos en los que esta finalidad no pueda ser cumplida*".

Pois ben, no caso obxecto de análise no ditame do Consello Consultivo, sendo a finalidade da orde da Consellería do Medio Rural o fomento dos programas que conducisen á valorización integral do monte galego e á diversificación dos produtos e recursos que proporciona, é o certo que a axuda concedida contribuíra ao cumprimento desta finalidade xa que, de acordo coa documentación xuntada ao expediente, as solicitudes dos beneficiarios cumprían cos requisitos esixidos na orde de convocatoria.

Este cumprimento dos requisitos na orde impedía logo que a resolución de concesión de subvención puidese considerarse nula de pleno dereito, na medida en que o erro cometido afectaba aos criterios de priorización para a concesión da subvención, e non a estes requisitos.

Efectivamente, a orde de convocatoria distinguía dúas fases distintas, unha primeira na que se comprobaba que as solicitudes reunían os requisitos esixidos, e unha segunda en que estas solicitudes correctamente formuladas eran avaliadas

por un órgano colexiado previsto na orde que, de conformidade cos criterios de priorización establecidos, seleccionaba as solicitudes que serían obxecto da proposta e definitiva concesión das axudas na contía procedente. A alteración desta orde de prioridade supuxo unha infracción da norma aplicable que, de ser o caso, podía dar lugar á anulación da resolución da concesión, pero que non determinaba a súa nulidade de pleno dereito xa que os interesados reunían os requisitos esenciais para adquirir o dereito á subvención, o que sen lugar a dúbidas se afirma nunha certificación administrativa obrante no expediente.

Conclusión do anterior era que non podía considerarse que os interesados careceran dos requisitos esenciais para a obtención das axudas, pois reunían os establecidos con tal carácter na orde de convocatoria. O que existiu foi unha errónea aplicación dos criterios de prioridade para a súa adxudicación, determinante, de ser o caso, dun suposto de anulabilidade do artigo 63 da LRXPAC, mais en ningún caso de nulidade de pleno dereito.

Por outra banda, no suposto de referencia tampouco podía esquecerse que o inicio do procedemento de revisión da resolución da concesión das axudas se producira nunha data na que os beneficiarios xa tiñan presentado os correspondentes proxectos de actuación e probablemente a súa execución xa estaría rematada, ou cando menos moi avanzada. Polo tanto, se estas actuacións estaban realizadas coa conseguinte carga económica para os interesados, e, en todo caso, se trataba de actuacións dirixidas ao cumprimento da finalidade de valorización dos montes pretendida pola convocatoria, a anulación da concesión da axudas suporía unha evidente vulneración dos principios de boa fe e confianza lexítima nas actuacións da administración que recollen os artigos 3.1 e 106 da LRXPAC, este último establecido como límite a potestade de revisión da administración. Esta actuación dos interesados realizando os investimentos previamente aceptados pola administración, na confianza de que serían subvencionados, sería tamén motivo suficiente, a xuízo do Consello Consultivo, para o mantemento das resolucións irregulares.

A proposta de resolución remitida parecía, de feito, ser consciente desta situación na medida na que, conxuntamente coa anulación da concesión das axudas, propoñía o recoñecemento dunha indemnización de danos e perdas polo importe que tiña aquela, de xeito que a situación patrimonial dos interesados non se vise afectada. Pero esta opción, segundo recolle o ditame do Consello, tampouco podía considerarse idónea, xa que, ademais de supoñer unha desnaturalización da revisión de oficio, iría en contra do principio de conservación dos actos administrativos establecido no artigo 66 da LRXPAC. Polo tanto, a criterio deste alto órgano

consultivo, o mesmo resultado pretendido podería obterse conservando as resolucións de concesión das axudas, sen prexuízo de que a situación xurídica dos interesados que formularon solicitudes que foron indebidamente preteridas puidese ser restablecida por medio dos mecanismos de responsabilidade patrimonial da administración legalmente establecidos.

2.2.- Revisión de oficio de actos administrativos ditados sen audiencia do interesado

O Consello Consultivo, ao longo destes anos, ten ditaminado numerosos expedientes de revisión de oficio, fundamentados na falta da preceptiva audiencia do interesado no ditado do acto que se pretende revisar.

Nestes supostos, o encaixe legal da pretendida nulidade daqueles actos se reconduce ben á causa prevista no artigo 62.1 a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro ("*actos que lesionen os dereitos e libertades susceptibles de amparo constitucional*) vencellada á lesión do dereito de defensa recollido no artigo 24 da Constitución española, ben á recollida no apartado e) daquel artigo (*"os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido*").

Cómpre sinalar que esta causa de nulidade prevista no artigo 62.1 e) foi interpretada e desenvolvida pola doutrina e a xurisprudencia en relación coas vulneracións máis graves dos requisitos procedimentais e formais e coa utilización dun procedemento distinto ao legalmente establecido, posuíndo unha virtude invalidante moi reducida, segundo resulta do disposto no artigo 63.2 do propio texto legal. Refírese, pois, a actos afectados por un vicio de procedemento grave e a aqueles emitidos con esquecemento total do procedemento establecido que non hai que identificalo coa ausencia total de procedemento. O precepto legal exposto hai que referilo, polo tanto, á omisión de trámites esenciais integrantes dun procedemento determinado, pois calquera outra infracción de procedemento, aínda que sexa importante, non producirá este efecto tan radical, senón que soamente servirá para fundamentar en vía de recurso unha pretensión anulatoria.

Esta causa de nulidade ten a súa operatividade entón na determinación dos requisitos esenciais que se quebrantaron e que a xurisprudencia foi decantando paulatinamente. Así, a nulidade plena limítase aos supostos de *"omisión global y flagrante del procedimiento actuando la Administración por la vía de hecho"* (sentenza do Tribunal Supremo do 16 de marzo de 1992), aos de "*omisión parcial pero muy grave de dicho procedimiento*" (sentenza do Tribunal Supremo de 15 de outu-

bro de 1991), a prescindir *"total e absolutamente"* do procedemento establecido, etc… Por iso, o Tribunal Supremo ten reiterado en múltiples sentenzas que a omisión dun só trámite, por importante que sexa, non é bastante para declarar a nulidade de pleno dereito *"debiendo observarse la máxima moderación en aplicación de tales nulidades absolutas e radicales, y sin olvidar que son irrelevantes cando los derechos del administrado puideron salvaguardarse acudiendo a procedimentos ordinarios que permiten corregir el extravío da Administración"* (sentenza do 31 de outubro de 1991).

Tamén o Consejo de Estado ten manifestado (entre outros, no ditame núm.166/97 do 03.04.97) que "… *Para que pueda haber lugar a la revisión de un acto firme con fundamento en la causa alegada, se precisa que la conculcación del procedimiento haya sido de tal magnitud que suponga la concurrencia de anomalías en la tramitación que no consistan en defectos leves: es necesario apreciar con rigor que el procedimiento se ha violentado, de modo determinante y claro, sin que baste con haber prescindido de algún trámite*" .

Agora ben, xa historicamente a fase de audiencia fora cualificada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo como "*esencial, fundamental, esencialísima*" e ata "*sagrada*", segundo os pronunciamentos habidos con ocasión das sentenzas do 9 de outubro de 1959 ou do 20 de marzo 1951. Como o propio Tribunal Supremo recorda, en tempos máis recentes e aínda na actualidade, a esencialidade do trámite responde incluso a un principio de ética xurídica e axioma procesual conforme co cal ninguén pode ser condenado sen ser oído. Ademais ha de notarse que esta esixencia non actúa tampouco de modo indiscriminado e absoluto, senón que, fuxindo de rixideces formalistas, atende á natureza e circunstancias do acto administrativo o do expediente administrativo concreto toda vez que o fundamento teleolóxico deste principio non é outro que o de evitar que se produza a indefensión do administrado, fronte á actuación da Administración.

Por esta razón, cando esta garantía e a expectativa que esta ofrece, se consigue de feito, non resulta preciso chegar á nulidade do acto. Nesta liña se manifesta tanto a xurisprudencia (entre outras, a sentenza da Audiencia Nacional, de data 04.10.2002 e a sentenza do Tribunal Superior de Castilla y León, de data 17.10.2000) como o *Consejo de Estado* (entre outros, os ditames 6175/1997, do 19 de febreiro e 1334/1994, do 14 de abril), relativizando este rigorismo no caso de omisión do trámite de audiencia entendendo que *"sólo podrá estimarse dictado el acto prescindiendo total y absolutamente del procedimiento cuando la falta de audiencia produce indefensión del interesado"*, engadindo como *"esta situación no se da cuando el*

interesado hubiera podido defender su derecho en cualquier fase de las actuaciones, aunque no fuera en el estricto trámite de vista y audiencia" (ditame do *Consejo de Estado* núm. 1337/1994, do 14 de abril). Polo tanto, non basta a omisión de tal trámite, xa que *"resulta necesario ponderar en cada caso las consecuencias producidas por tal omisión a la parte interesada, la falta de defensa que realmente haya originado y, sobre todo, de que hubiera podido variar el acto administrativo originario en caso de haberse observado el trámite omitido".*

Partindo destas consideracións, nun expediente sometido a ditame deste Consello Consultivo (CCG 187/09) se entendeu que a falta de verificación do trámite de audiencia non viciaba de nulidade o acto administrativo por canto, ao longo de todo o procedemento ulterior ao ditado da resolución en cuestión, a interesada puido ter coñecemento de todas as actuacións desenvolvidas, presentando distintos escritos e recursos como se desprendía da documentación obrante no expediente.

Deste xeito, á hora de determinar se a falta de audiencia do interesado determina ou non a nulidade do acto administrativo, haberá de atenderse, non tanto á formalización ou non daquel trámite de audiencia, senón ás posibilidades reais que o particular tivo para facer valer os seus dereitos e intereses, incuso na tramitación ulterior do expediente, mediante a interposición de recursos administrativos.

3.- CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

3.1.- Competencia do Consello Consultivo de Galicia nos supostos de resolución de contratos administrativos

Nun expediente sometido a ditame do Consello Consultivo no ano de referencia se plantexou un suposto de resolución contractual no que a entidade contratista non formulaba oposición ás causas de resolución que invocaba a Administración actuante, mais si ás contías que a Administración consideraba debía aboarlle polos traballos pendentes de pago.

Esta posición da adxudicataria levou a aquela (e, incluso, en algún momento, á propia administración) a entender que a resolución debería ter lugar por mutuo acordo. Pola súa banda, a proposta de resolución do expediente invocaba o cumprimento do prazo máximo legal como causa de extinción do contrato.

Na análise do asunto, o ditame do Consello Consultivo (CCG 315/09) partía do exame do artigo 11, h) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consulti-

vo de Galicia, que establece a competencia deste organismo para a emisión de ditame preceptivo nos casos de "*nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na Lei de contratos do Estado e de réxime local*", precepto que, á súa vez, debía integrarse co disposto no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (en idéntico sentido, o vixente artigo 195.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público), que establece o carácter preceptivo do ditame do *Consejo de Estado* ou órgano consultivo equivalente nos casos nos que se formule oposición por parte do contratista á resolución contractual.

Da dicción de ambas as dúas normas se desprendía xa con claridade que a cualificación da resolución pretendida como de mutuo acordo, tal e como sostiña a contratista, excluía a competencia do Consello Consultivo para emitir ditame.

Incluso, indo máis alá, no ditame se consideraba que a existencia de discrepancias en canto ás cantidades que debían pagarse á contratista como consecuencia da extinción do contrato tampouco parecía compatible coa resolución por mutuo acordo entre a Administración e o contratista. Efectivamente, ao regular os efectos da resolución o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante, TRLCAP) indica que, cando obedeza a mutuo acordo, os dereitos das partes se acomodarán ao validamente estipulado entre a administración e o contratista; consecuencia do anterior é que a concorrencia de vontades entre as partes debe producirse non só sobre a extinción do vínculo contractual senón tamén sobre as consecuencias de tal extinción, os dereitos que para cada unha das partes resultaran do acordo.

Desbotada esta vía, o ditame entraba a analizar a tese da administración conforme coa cal no caso se daba unha resolución contractual polo transcurso do prazo máximo de duración do contrato.

En concreto, o artigo 199 do TRLCAP establecía para os contratos de asistencia e servizos unha duración máxima de seis anos, sendo así que da documentación obrante no expediente resultaba un prazo de execución que excedía con moito aquel límite legal, máis de once anos. O contrato estaría logo incurso nunha causa de extinción, xa que a demora era imputable ás dúas partes e polo tanto non podía dar lugar á resolución por incumprimento; incluso, a propia empresa contratista así o recoñecía nun dos seus escritos de alegacións.

Agora ben a extinción polo transcurso do prazo máximo legal de duración, a xuízo do ditame, non podía cualificarse como resolución do contrato, e de feito a lei non a incluía nos artigos 112 e 214. Tratábase polo tanto dunha causa de extinción baseada nun feito obxectivo, o transcurso do prazo establecido, pero non dun suposto de resolución e, en consecuencia, non pode incluírse dentro dos supostos contemplados no artigo 11, h) da Lei 9/1995 como competencia deste Consello.

Nestes termos, o ditame do Consello concluía que a administración actuante podía declarar extinguido o contrato polo transcurso do prazo máximo legal de duración, o que implicaba a necesidade de pagamento ao contratista dos traballos, estudos e informes que efectivamente tivese realizado con arranxo ao contrato e que foran recibidos pola administración, se ben a discrepancia sobre as cantidades que resultasen non daba lugar á intervención preceptiva deste Consello Consultivo, podendo resolver o órgano de contratación o que estimase procedente.

3.2.- Distinción entre contrato de servizos e contrato de xestión de servizos públicos

Analizábase neste suposto unha resolución de contrato para a prestación do servizo público de escola infantil municipal, entendendo a Administración local contratante que o contrato debía ser cualificado como de xestión de servizos públicos, figura recollida no artigo 154 do TRLCAP, razón pola que propugnaba a posibilidade de rescate do servizo.

Pola contra, a entidade contratista rexeitaba esta cualificación do contrato como de xestión de servizos públicos, entendendo que se trataba dun contrato de consultoría ou de servizos dos definidos no artigo 196 do TRLCAP. Como consecuencia desta cualificación a contratista entendía inaplicable o rescate, e consideraba que o que se producía era a desistencia do contrato por parte da administración.

Neste punto de conflito, o ditame do Consello Consultivo (CCG 206/09) partía do feito de que o TRLCAP non ofrecía criterios terminantes para a distinción entre as concesións dos servizos públicos e o contrato de servizos, dende o punto de vista dos servizos propios que podían ser abranguidos polas respectivas figuras xurídicas. Polo tanto, sobre a base da normativa vixente no momento de adxudicación do contrato, non existían criterios expresos para o deslinde das figuras controvertidas.

Con todo, como distinción fundamental, o Consello apuntaba que na concesión de servizos públicos a administración encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público da súa competencia, sempre que teña un

contido económico que o faga susceptible de explotación por empresarios particulares (artigos 154.1 e 155.1 do TRLCAP). E, no caso do contrato de servizos, a lei realizaba unha enumeración de supostos que definía como tal tipo de contrato, destacando, entre outras, a nota da subsidiariedade, en canto que se configuraban como contratos de servizos aqueles de carácter técnico, económico, industrial, comercial ou calquera outro de natureza análoga, "*sempre que non se atopen comprendidos nos outros contratos regulados pola propia lei";* e a característica da complementariedade, pois se definían como contratos de servizos aqueles "*complementarios para o funcionamento da Administración*".

Sobre estas premisas xurídicas, considerábase no ditame -citando, entre outros, os informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, 41/1995 e 4/1996- que, se a prestación esencial do contrato a realizaba o contratista directamente á Administración -aínda con beneficio indirecto para os usuarios-, o contrato era de servizos, mentres que se o obxecto contractual principal que levaba a cabo o empresario era unha actividade empresarial dirixida ao cidadán, o contrato sería de xestión de servizos públicos.

Así as cousas, concluía o Consello Consultivo que procedía cualificar a relación contractual que unía ao Concello coa contratista como un contrato de xestión de servizos públicos, e isto coa conseguinte facultade do órgano de contratación de rescatar o servizo, tal e como establecía o artigo 167, b) do TRLCAP, aplicable a este contrato.

A maior abastanza, notábase no ditame como a tese da contratista era incluso difícil de entender na medida na que, por unha banda, en ningún momento anterior negara que se trataba dun contrato de xestión de servizos públicos a pesar de que tal era a cualificación efectuada no Prego de cláusulas administrativas da contratación e este fora o réxime xurídico aplicado en todo momento; e, por outra, porque, se entendese que se trataba dun contrato de servizos, debería considerar aplicable a totalidade do réxime xurídico deste tipo de contrato e non só aquelas disposicións que lle favorecían.

En concreto, se se trataba dun contrato de servizos, o seu prazo de duración máxima, segundo o artigo 198 do TRLCAP, sería de catro anos, e non cinco como se fixara neste contrato, pois esta duración si era posible nos contratos de xestión de servizos públicos. Consecuencia do anterior é que si se trataba dun contrato de servizos a cláusula de duración sería nula, debendo substituírse polo máximo legal, catro anos. E, así as cousas, resultaba incoherente que a contratista solicitase unha

indemnización por desistencia dun contrato de servizos por un período de duración, cinco anos, prohibido para este tipo de contratos.

3.3.- Modificación dos contratos administrativos

O Consello Consultivo de Galicia é competente para a emisión de ditame nos supostos de modificación de contratos administrativos, nos termos dos artigos 11, h) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, e 59.3 b) do TRLCAP, que esixe o informe do Consello Consultivo nos casos de modificacións de contrato cando a contía destas, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20% do prezo primitivo do contrato, e este sexa igual ou superior a 6.010.121,04 €.

O entendemento da modificación dos contratos administrativos esixe partir dun principio básico dos contratos, o de *ne varietur* ou de invariabilidade do acordado, principio este que aparece recollido en distintos preceptos da lexislación de contratos. Así, respondendo ao principio de liberdade de pactos, o artigo 4 do TRLCAP consagra que "*A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condiciones que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración e deberá cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación básica en favor daquela*". Pola súa parte, o artigo 143.1, en referencia ao contrato de obras, establece que *"as obras se executarán con estrita suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste dese ao contratista o director facultativo das obras*".

Esta regra parte do principio, esencial nesta institución, da inmutabilidade dos contratos administrativos, incluídos no tipo dos denominados "*negocios fixos*", nos que a *potestas variandi* adquire caracteres de excepcionalidade. Como se sabe, con este principio trátase de garantir, por un lado, que o contrato se execute estritamente de acordo coas regras que presidiron a súa adxudicación, pois noutro caso produciríase unha creba do principio de igualdade; e, por outro, garantir o respecto ao consentimento prestado (*lex contractus*).

Pero certo é tamén que os contratos administrativos, ao contar cun prazo medio de execución xeralmente longo, vense sometidos a numerosas vicisitudes de orde técnica e económica, ás veces imprevisibles, o que fai necesario en certos casos modular singularmente o principio de inmutabilidade referido. Por iso, xunto co anterior principio, as normas posibilitan a modificación unilateral dos contratos

por parte da administración, conforme a potestade do *ius variandi,* que aparece recollida, con carácter xeral, no artigo 101 do TRLCAP e, no caso do contrato de obras, no artigo 146 do propio texto legal.

A este respecto pode dicirse que constitúe esta facultade, certamente, un claro privilexio a prol da administración, mais, matizadamente, hai que sinalar tamén, non obstante, que o dito privilexio vén limitado, por un lado, aos supostos de interese público e ao mesmo tempo suxeito á concorrencia de determinados presupostos que deben ser oportunamente xustificados ou motivados no expediente de modificación tramitado.

En efecto, o artigo 101 do TRLCAP, ao regular a modificación dos contratos administrativos, conferíalle, razoablemente, un certo carácter excepcional, de modo que esta requiría non só a necesaria invocación dalgunha das causas taxadas que alí se recollen, senón ademais a necesaria salvagarda dos principios e valores sobre os que se apoia o réxime da contratación administrativa, que por ter directa relación coa legalidade, sobreponse ás potestades ou poderes exorbitantes que a propia lei confire á administración contratante.

Trátase tamén, como ten reiterado este Consello Consultivo (entre outros, o CCG 368/04), de non prexudicar os lexítimos intereses de terceiros concorrentes, e potencialmente interesados, na licitación pública, e de non xerar confusión ou ambigüidade na execución do contrato.

Este principio de *ne varietur,* como principio reitor da contratación, ten tamén o seu reflexo noutro principio, así mesmo de gran transcendencia, cal é o de risco e ventura, que recollía o artigo 98 do TRLCAP, e conforme ao cal "*la ejecución del contrato se realizará a riesgo y ventura del contratista*", o que supón que este ten que soportar unha eventual onerosidade sobrevida no cumprimento do obxecto do contrato, carga esta que tan só se ve exceptuada pola concorrencia de acontecementos extraordinarios que constitúan un suposto de forza maior (artigo 144 do TRLCAP), que non só exoneran de responsabilidade ao contratista senón que ademais determinan a necesidade de compensación económica por parte da administración contratante.

Non obstante, o dito principio foi matizado pola xurisprudencia e polo propio *Consejo de Estado* que consideran nestes casos o xogo da denominada "*garantía do equilibrio financeiro*" ou "*equilibrio económico do contrato*", vía esta que tamén serviría para compensar ao contratista, sempre baixo a perspectiva de que por decisións impostas dende a administración ou por riscos imprevisibles, se produza unha sensible alteración das condicións que rexeron na licitación.

Como di o *Consejo de Estado* o obxectivo no caso de modificacións contractuais, salvando as distancias, é similar: demostrado que concorren "*necesidades novas ou causas imprevistas*", tal e como require a lei, que implican a necesidade, por razóns de interese público, de introducir modificacións, o contratista terá que asumilas -cos límites legais-, mais sen que teña o deber xurídico de soportar o eventual aumento no custo que iso supuña pois deberá producirse o necesario reequilibrio económico do contrato, axustando tanto o prezo do contrato como o prazo de execución. Así conclúe o *Consejo de Estado* que o principio de risco e ventura é perfectamente compatible coa modificación dos contratos pola administración e as súas consecuencias anexas.

Pois ben, sentadas as bases doutrinais da figura da modificación dos contratos administrativos, hai que considerar, necesariamente, os presupostos legais concretos que a posibilitaban consonte co texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, presupostos que o Consello Consultivo tivo ocasión de analizar no CCG 235/09, ditame relativo á modificación dun contrato administrativo de obras celebrado por unha universidade.

En concreto, conforme ao artigo 101.1 do TRLCAP citado, os presupostos da modificación dos contratos administrativos son:

a) As modificacións requiren unha adecuada formalización da modificación proxectada conforme ao disposto no artigo 101 TRLCAP.

b) As modificacións deben estar amparadas en razóns de interese público, sendo este un requisito necesario pero non suficiente para levalas a cabo.

c) Por último, as modificacións deben obedecer, ademais, a "*necesidades novas ou causas imprevistas*" no momento da contratación, circunstancias estas que deben ser xustificadas convenientemente no expediente de modificación, co obxecto de non desnaturalizar o principio de licitación pública que rexe neste ámbito.

Preténdese con este último requisito, evitar que, a través de modificacións posteriores á adxudicación, se alteren, de maneira substancial, os termos da licitación pública, conforme ao que os contratistas presentaron as súas ofertas. E isto se traduce, ademais, no feito de que o *ius variandi* non pode ser utilizado pola administración contratante para salvar posibles deficiencias ou imprevisións técnicas contidas no proxecto.

Este era precisamente o caso da modificación contractual obxecto de análise no CCG 235/09, na que a mesma parecía responder, mais que a necesidades

sobrevidas como defendía a proposta de resolución, a imprevisións ou deficiencias do proxecto. Neste sentido eran concluíntes as memorias explicativas do proxecto reformado ao sinalar unha delas como *"Las causas imprevistas que motivan la modificación, derivan de la insuficiencia del Pliego de Prescripciones Técnicas, que rigió durante la redacción del proyecto, a la hora de recoger todas las especificidades que deben de reunir el conjunto de espacios a albergar en el edificio"*, afirmación que reiteraba outra memoria posterior ao reconducir as causas imprevistas que pretendían basear o modificado ás *"derivadas de deficiencias en el Pliego de Prescripciones Técnicas o del proyecto"*.

Deste xeito, e sen descoñecer a dificultade do proxecto sobre o que se estaba a actuar no expediente de razón, o que resultaba incuestionable era que, de conformidade coa legalidade vixente, unha modificación contractual non podía ser utilizada para atender unhas deficiencias tales pois aquelas, lonxe de ser sobrevidas, puideron ser suficientemente ponderadas nas actuacións preparatorias do contrato cunha axeitada redacción do Prego de Prescricións Técnicas e do proxecto.

Deste xeito, a falta dunha mellor xustificación do proxecto reformado no expediente remitido, o xuízo deste Consello Consultivo resultou desfavorable á modificación contractual pretendida.

4.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

4.1.- Danos derivados da demolición dunha vivenda trala anulación xudicial da licenza de edificación outorgada polo concello

Nun expediente sometido a ditame do Consello Consultivo no ano 2009 suscitouse unha reclamación de danos pola demolición dunha vivenda trala anulación xudicial da licenza de edificación outorgada polo Concello. En síntese, o reclamante conectaba os danos derivados da demolición da súa vivenda co outorgamento dunha licenza ilegal por parte da Administración municipal.

O ditame de razón, o CCG 196/09, partía da análise do artigo 142.2 da LRXPAC en canto dispón que *"a anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativos non presupoñen o dereito á indemnización …"*, sinalando como a interpretación deste precepto, en liña co seu antecedente normativo, o artigo 40.2 da Lei de réxime xurídico da administración do Estado, debía interpretarse no sentido de que a ilegalidade e a responsabilidade non estaban necesariamente unidas, de xeito que, en defi-

nitiva, non podía afirmarse que a anulación exclúa a responsabilidade nin tampouco que toda ilegalidade comporte responsabilidade.

A doutrina xurisprudencial e a propia do Consejo de Estado, recollidas por este Consello (entre outros, no CCG 67/97), insisten nunha liña argumental, xa consolidada, en que a cuestión ten que situarse no marco do instituto da responsabilidade obxectiva de sorte que o fundamento da obriga de indemnizar radica no dato obxectivo da ilegalidade do prexuízo, e non tanto no aspecto subxectivo da actuación antixurídica da administración.

Mais non abonda coa existencia dun prexuízo, senón que máis específica e cualificadamente se require a certeza dunha lesión ou detrimento patrimonial que o interesado non debe soportar por non existir título ou causa lexítimos que os impoñan (sentenza do Tribunal Supremo de 13 de xaneiro de 1992) e que sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos nunha relación de causa e efecto directa, inmediata e exclusiva (sentenza do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 1993).

En concreto, a responsabilidade patrimonial derivada da anulación de licenzas ten sido obxecto de atención específica polo lexislador, e así se reflectiu nas sucesivas leis urbanísticas: no artigo 232 do texto refundido aprobado por Real decreto 1346/1976, do 9 de abril, no artigo 240 do texto refundido aprobado por Real decreto lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, artigo 44.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, e artigo 30 da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo, que, partindo da aplicación e requisitos xerais establecidos nas normas que regulan a responsabilidade patrimonial, excepcionan de maneira expresa a indemnización nos casos de dolo, culpa ou neglixencia graves imputables ao prexudicado.

Citábanse así no ditame distintos pronunciamentos xurisprudencias nos que se analizaba as consecuencias da concorrencia de dolo, culpa ou neglixencia graves imputables ao interesado. Así, a sentenza do Tribunal Supremo do 27 de maio de 2008 consideraba que: *"La indemnización de daños y perjuicios por causas de anulación de licencias municipales (de obra, edificación, etc) es correlativo lógico de toda revocación de licencias por tal causa, tal como prevenía el art. 16 del Reglamento de servicios y en el art. 172 de la anterior ley, y hoy recoge el art. 232, párrafo 1 del texto legal vigente y el art. 38 de disciplina urbanística al proclamar el principio de responsabilidad de la administración conforme al régimen jurídico general, por ser indudable que la anulación de una licencia ocasiona a su titular unos daños y perjuicios ciertos y determinables, porque, en todo caso, supone la imposibilidad de*

continuar realizando la actividad autorizada e incluso puede llegarse a la demolición de lo realizado.

Por ello es claro que el administrado en estos supuestos sufre una lesión patrimonial que es consecuencia directa del obrar no correcto de la Administración, y así la procedencia de la indemnización que como regla nadie discute con base en la declaración de la responsabilidad que los preceptos citados consagran en relación con el principio constitucional consagrado en el art. 106 de la Constitución.

Sin embargo, en esta materia, la regla general tiene una importante excepción en la norma contenida en el núm.2 del art. 232 de la citada ley, al preceptuar que 'en ningún caso habrá lugar a indemnización si existe dolo, culpa o negligencia graves imputables al perjudicado', prueba que ha de correr a cargo de quien la alegue -como causa de exoneración- conforme a las reglas generales".

Reproducíanse no ditame outras resolucións xudiciais do Tribunal Supremo, como a sentenza do 26 de setembro de 2000 segundo a cal *"La responsabilidad por licencias urbanísticas se determina, según el artículo 232 del texto refundido de la Ley sobre régimen del suelo y ordenación urbana. do 9 de abril de 1976, conforme a las normas que regulan con carácter general la responsabilidad patrimonial de la Administración; de ahí que para que sea viable una pretensión indemnizatoria de esta naturaleza se ha de haber producido un daño efectivo, evaluable económicamente, antijurídico e individualizable en relación a una persona o grupo de personas.*

Cuando concurren estas circunstancias procede el derecho a indemnizar, siempre que no exista dolo, culpa o negligencia grave imputables al perjudicado -artículo 232 'in fine' del texto refundido de 1976-.

Existe en este particular una reiterada doctrina jurisprudencia -entre otras, en sentencias de 21 de marzo, 2 de mayo, 10 de octubre y 25 de noviembre de 1995, 25 de noviembre y 2 de diciembre de 1996, 16 de noviembre de 1998, 20 de febrero, 13, 29 y 12 de julio de 1999 y 20 de julio de 2000- que sostiene la exoneración de la responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido".

Sobre a base desta doutrina, o ditame do Consello Consultivo debía partir dunha análise dos datos e circunstancias do caso concreto para determinar se existira dolo, culpa ou neglixencia grave no prexudicado que obrigase a unha minoración, ou incluso exclusión, da responsabilidade da Administración local polo outorgamento dunha licenza ilegal.

Desta análise da documentación do expediente remitido resultou como na causación do dano confluíran dun xeito directo dúas condutas diferentes. Por unha banda, a neglixencia grave do reclamante pois comezara a construción da vivenda sen o outorgamento dunha licenza que lle prestase cobertura, sabedor, pois non o podía ignorar, da necesidade da mesma; ademais, o prexudicado continuou a obra, unha vez concedida a licenza, sen axustarse aos termos daquela. Agora ben, ha de notarse que o interesado, ao solicitar a licenza, logo anulada, non utilizou métodos que foran susceptibles de producir, racionalmente, erro na administración e fosen decisivos para a concesión da licenza.

De aí a anormal actuación da Administración municipal, que non é que ao outorgar a licenza tivera prescindido dun estudo completo da solicitude presentada a fin de verificar se a edificación na parte construída coincidía cun proxecto presentado e se este proxecto se acomodaba ao ordenamento urbanístico, senón que, contando a autoridade municipal con esa actuación de contraste que tiñan efectuado o arquitecto técnico municipal e os asesores xurídicos e sendo os informes destes expresivos de que a concesión da licenza sería contraria ás normas urbanísticas aplicables, non dubidou en outorgar a licenza que logo deu cobertura xurídica á parte da obra executada polo reclamante e que, por ilegal, foi logo anulada por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Á vista destas circunstancias, o ditame do Consello concluía como no suposto examinado existía unha concorrencia de causas na produción do dano, debendo, logo, modularse a responsabilidade do Concello outorgante da licenza circunscribindo o seu deber indemnizatorio á valoración da parte de obra realizada polo reclamante trala obtención da licenza e que fose conforme á mesma. Pola contra, o reclamante debía asumir o dano consistente na valoración da parte de obra por el realizada antes de dispor de licenza e da parte realizada trala obtención daquela sen axustarse aos seus termos.

4.2.- Responsabilidade patrimonial pola seca de pozos artesáns derivada da execución de obras públicas

No ano 2009 tivo lugar un importante cambio na doutrina deste Consello Consultivo no tocante á acreditación da existencia do dereito ao uso da auga no pozo artesán por cuxa seca se reclama.

Era doutrina reiterada deste Consello (entre outros, o CCG 902/07) que a falta de rexistro do aproveitamento de augas, e a inexistencia dun dereito obtido por

sentencia firme, impedían apreciar a existencia dun dereito patrimonializado polo interesado, o que era óbice para recoñecer o dereito a obter unha indemnización polos danos producidos nos mananciais afectados.

Como xa se sinalou, no ano de referencia, este Alto órgano modificou esta doutrina (CCG 494/09) entendendo que, tratándose dun dereito de recoñecemento legal (artigo 54.2 do Real decreto lexislativo 1/2001 do 20 de xullo, que aproba o texto refundido da Lei de augas), o aproveitamento nun predio das augas procedentes de mananciais situados no seu interior, así como o das augas subterráneas -co límite de 7.000 metros cúbicos anuais- non estaba condicionada á súa inscrición no rexistro de augas, por mais que esta fose obrigatoria á vista do artigo 85.1 do Regulamento do dominio público hidráulico (aprobado por Real decreto 849/1986, de 11 de abril), e sen perder de vista a transcendente eficacia que tal inscrición posuía de cara á protección e control daquel dereito.

Deste xeito, no suposto concreto que se suscitaba no ditame, estando acreditada a existencia dun pozo de auga na propiedade da reclamante do que esta se viña servindo para o seu aproveitamento, e constatado que o pozo resultara secado como consecuencia da execución dunha obra pública por conta da Administración autonómica, como recoñecían os seus propios servizos, o Consello Consultivo recoñeceu o deber indemnizatorio da administración polos danos causados.

4.3.- Outras cuestións relativas á responsabilidade patrimonial das administracións públicas

- En primeiro lugar, cómpre lembrar que o instituto da responsabilidade patrimonial constitúe a última vía para obter a indemnidade do prexudicado, de xeito que non procede acudir a aquela cando existe unha vía de cobro non esgotada (CCG 282/09), ou cando os danos foron xerados no marco dun procedemento expropiatorio. Así, no CCG 492/09 se salientaba como "*non procede encauzar un pedimento de indemnización pola vía da responsabilidade patrimonial extracontractual da Administración cando o feito en causa e a correspondente reparación do dano contan con outra vía procedemental específica e singular para a súa substanciación, como é o caso das pretensións de resarcimento derivadas de actuacións administrativas producidas durante a tramitación dun procedemento de expropiación forzosa precedente, que conta cunha canle procedemental propia e diferenciada para a solución de todas aquelas cuestións interpretativas ou conflictivas que poidan xurdir entre as partes ao longo do desenvolvemento do procedemento en cuestión*".

- Verbo do prazo para o exercicio da acción de responsabilidade ha de notarse que o artigo 142.5 da LRXPAC establece a tal efecto un prazo preclusivo dun ano, a computar dende o feito ou acto que materialice o dano e motive a indemnización, data inicial que haberá de entenderse como aquela na que se manifestara o efecto lesivo e foran coñecidas as súas consecuencias. Como advertiu o Consello Consultivo no CCG 165/09, o citado precepto ten dado lugar a unha prolixa xurisprudencia que, de xeito reiterado e consolidado, segue un criterio razoablemente flexible na apreciación do cómputo do prazo de exercicio da acción de esixencia de responsabilidade fronte ás administracións públicas, fuxindo de aplicacións contra *cives* ou contrarias ao criterio *pro actione*.

Así, en relación co *dies a quo* para o cómputo do prazo, o Tribunal Supremo ten establecido (sentenza do Tribunal Supremo do 5 de novembro de 1997, entre outras) que aquel principia desde que se establezan os efectos lesivos no patrimonio do reclamante, que é cando hai coñecemento suficiente para avaliar a súa extensión e alcance, tendo en conta que o Código Civil segue o principio da *actio nata* e dispón que o tempo para a prescrición de toda clave de accións, cando non hai disposición especial que outra cousa determine, contarase dende o día en que puideron exercitarse as respectivas accións, o que para os efectos dunha posible esixencia de responsabilidade implica o cómputo do termo para a prescrición a partires do intre no que o prexudicado tivo coñecemento do dano sufrido, prazo prescritivo da acción que determina que esta comeza a transcorrer ao ter coñecemento do dano, aínda que non sexa preciso ter o coñecemento da cantidade líquida.

Por outra banda, debe notarse que o aludido prazo é de prescrición e non de caducidade, polo que é susceptible de interrupción polo exercicio de accións por parte da vítima do dano encamiñadas á procura do seu resarcimento. Así se razoaba no CCG 210/09, citando consolidada doutrina xurisprudencial, recollida entre outras na sentenza do Tribunal Supremo do 2 de outubro de 2001, segundo a cal o referido prazo non debe ser computado necesariamente desde a data na que se produciu o evento danoso, dado que a existencia doutras actuacións encamiñadas a restablecer a situación alterada por tal evento interrompe o prazo, que haberá de iniciarse cando a finalización das mesmas permita exercitar o dereito con pleno coñecemento dos elementos que o definan e que na súa concorrencia resulte esixible para a súa eficacia.

- A responsabilidade patrimonial da Administración pública non esixe a titularidade do inmoble cuxo mal estado causa os danos, cando aquela Administración á que se imputa o dano ten unha obriga de vixilancia do axeitado mantemento dos

espazos, propiedade doutra administración, mais nos que desenvolve servizos da súa competencia. Así se considerou polo Consello Consultivo no CCG 111/09, ditame relativo aos danos causados a un menor por mor do deficiente estado dunhas instalacións deportivas municipais, utilizadas exclusivamente polo centro escolar en horario lectivo. Como argumentaba o ditame, o uso das instalacións deportivas polo centro esixía unha certa implicación na verificación das condicións de seguridade daquelas aínda que a súa titularidade fose municipal e, de feito, esta era a solución adoptada en sede lexislativa pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, verbo dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou educación especial, ao dispor como o mantemento corresponde ao municipio respectivo, se ben ao Consello Escolar compete a conservación e renovación das instalacións (artigo 127, h), pronunciándose nun sentido similar a Orde autonómica de data 22 de xullo de 1997.

- Nos expedientes de responsabilidade patrimonial as relacións xurídicas entre o concello e a súa entidade aseguradora son alleas á vinculación existente entre o propio Concello e o acredor da indemnización, polo que a resolución que se dite nestes procedementos deberá recoller, de xeito indubitado, o dereito ao percibo do importe total da indemnización a favor do interesado e a cargo da administración, con independencia dos abonos efectivos que correspondan en execución do pactado no contrato de seguro (CCG 510/09). Polo tanto, resulta improcedente que na proposta de resolución remitida a ditame deste Consello se propugne reclamar da empresa aseguradora o abono da indemnización recoñecida, coa excepción, iso si, da franquía estipulada. E isto porque, como se apuntou no CCG 483/09, o obrigado ao pago fronte o interesado é en todo caso a administración, con independencia de que, en virtude do contrato entre aquela e a aseguradora, a cantidade a indemnizar sexa cuberta en todo ou en parte por esta última.

- Nas reclamacións polos danos derivados dos servizos deixados de prestar nas Administracións públicas, non poden integrarse no *quantum* indemnizatorio as cantidades referidas ás cotas á Seguridade Social, por canto se trata de cantidades que en ningún caso se terían abonado directamente ao interesado. Ademais, debe sinalarse que esta cotización tampouco xera un prexuízo actual e efectivo á parte, por canto a materialización deste prexuízo dependerá do dereito ou non que, nun futuro, poida ter o reclamante ás diferentes prestacións a cargo da Seguridade Social. Deste xeito, e como sentou o Consello Consultivo no CCG 241/09, non procede o recoñecemento de indemnización algunha por este concepto, xa que se trata dun dano hipotético.

- Finalmente, tampouco deben ser obxecto de indemnización os gastos derivados da asistencia letrada, informes periciais ou gastos notariais por canto se trata de gastos derivados dunha actividade voluntaria que desenvolveu a parte, en aras a ver satisfeitas as súas expectativas e intereses (CCG 296/09). En efecto, como xa advertira o Consello Consultivo no CCG 681/02, estes gastos constitúen unha carga que foi establecida polo propio reclamante en interese propio, en función dunha mellor defensa dos seus intereses.

